



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 20

Sesión plenaria
26 de xaneiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (11/PL-000007 doc. núm. 5731)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 77, do 18.01.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 77, do 18.01.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e comunica as ausencias e delegacións de voto. (Páx. 6.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. (Punto único

O señor presidente explica o esquema do debate, así como os tempos das intervencións en cada rolda. (Páx. 6.)

Presentación do ditame da comisión: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 6.)

Debate sobre o articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 8.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 13.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 22.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 25.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 28.)



Debate conxunto sobre os estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 30.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 39.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 47.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 55.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 59.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 62.)

O señor Caballero Miguez (S) pide a palabra para unha rectificación dunha inexactitude, intervención que non é concedida polo señor presidente por non axustarse a súa petición á previsión regulamentaria. (Páx. 65.)

Votacións do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

Votación das emendas ao articulado

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (emendas núms. 1, 3 á 18; 20 á 24; 26 á 28; 31 á 58 e 60 á 72): *rexeitadas por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (emendas núms. 1 á 31 e 33 á 38): *rexeitadas por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda número 76, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección 07 (Consellería de Facenda e Administración Pública): *rexeitada por 19 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das emendas núms. 253 á 258, 260 á 263, 265 á 283, 287 á 294, 297 á 305, 307 á 309, 317, 318, 326, 327, 344 á 352, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Servizo Galego de Saúde: *rexeitadas por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)



Votación das emendas 354, 355 e 357, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección 13 (Consellería de Política Social): *rexeitadas por 19 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das emendas núms. 159 á 245, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade): *rexeitadas por 19 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 68.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado das restantes emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Servizo Galego de Saúde. (Páx. 68.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Servizo Galego de Saúde agás as xa votadas previamente: *rexeitadas por 19 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e entidades públicas instrumentais agás as votadas previamente por separado: *rexeitadas por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 coas emendas incorporadas, se é o caso: *aprobado por 42 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación conxunta dos orzamentos das seccións 01, 02, 03 e 20 (Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia): *aprobados por 42 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 69.)

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello de Relacións Laborais: *aprobados por 42 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 69.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas aceptadas, se é o caso, agás os das seccións e entidades votados por separado previamente: *aprobados por 42 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Remata a sesión á unha e cincuenta e seis minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia e fixeron delegación de voto, neste caso, dona María Monserrat Prado Cores, que delega o seu voto na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo; e don Rubén Lorenzo Gómez, que o delega no deputado don Pedro Puy.

E entramos na orde do día, con punto único.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

O señor PRESIDENTE: O esquema do debate será unha presentación do ditame; logo un grupo primeiro, que é o debate do articulado, no que hai unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de quince minutos para posicionarse sobre o ditame da comisión e un tempo de cinco minutos para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais. Isto é en canto ao grupo primeiro. O grupo segundo será un debate conxunto sobre os estados de gastos, no que cada grupo parlamentario terá un tempo de trinta minutos para o ditame da comisión e tamén un tempo de dez minutos para definirse sobre as emendas.

As emendas que se manteñen para o pleno son as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, comezamos coa presentación do ditame da comisión, e para iso ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día a todos e a todas.

Procedo á presentación do Ditame sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021. O proxecto de lei tivo entrada no rexistro do Parlamento o día 23 de novembro de 2020. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 23 de novembro de 2020, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. As emendas á totalidade foron cualificadas o 14 de decembro de 2020, e os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e aos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou que modificaban a contía total dos estados de ingresos e de gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do Pleno do 21 de decembro de 2020.

As emendas parciais, que se detallan a continuación, foron cualificadas o 28 de decembro de 2020.



Respecto das emendas ao articulado, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia hai 3 emendas; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 38 emendas; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 72 emendas —o que fai un total de 113—.

Respecto das emendas aos estados numéricos, hai 19 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; 505 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e 568 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia —que fan un total de 1.092—.

En total, foron presentadas por parte do Grupo Parlamentario Popular 22 emendas; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 543 emendas; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 640 emendas —que fan un total de 1.205 emendas—.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 30 de decembro de 2020, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, como titular, don Pedro Puy Fraga, como suplente dona Cristina Sanz Arias; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, como titular dona Noa Presas Bergantiños, como suplente dona Olalla Rodil Fernández; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo como titular, e don Juan Carlos Francisco Rivera como suplente.

A sesión da ponencia tivo lugar o 4 de xaneiro de 2021, e nela rematouse o informe que contén as recomendacións que se lle fixeron á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das números 19, 25, 29, 30 e 59 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dunha emenda transaccional elaborada coa emenda número 2 deste grupo parlamentario e dunha emenda transaccional elaborada coa emenda número 32 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

En relación coas restantes emendas, a ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. As emendas aos estados de gastos presentadas por este grupo quedaron pendentes para a Comisión. A Comisión, reunida os días 13, 14 e 15 de decembro do 2021, aprobou por maioría o informe emitido pola ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gasto polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o pleno é o seguinte: por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego mantéñense 37 emendas ao articulado, 505 emendas aos estados numéricos —un total de 542—; por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 62 emendas ao articulado e 568 aos estados numéricos —polo tanto, mantéñense 634 emendas—. Isto fai un total de emendas ao articulado de 103, e de 1.073 emendas aos estados numéricos; en total, entre ambas as dúas, 1.176. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación para este pleno 1.176 emendas.



O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 13.396.505.623.

O texto articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 62 artigos agrupados en 6 títulos, 16 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. E o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúen un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que proximamente se tramitará no seguinte pleno.

Finalmente, determínase o prazo da vixencia da futura lei, así como a data da súa entrada en vigor.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Bos días e benvido, señor conselleiro.

Hoxe vanse aprobar neste Parlamento de Galicia os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021, os orzamentos máis importantes dos últimos anos, que medran un 13,3 %, é dicir, 1.575 millóns de euros máis para desenvolver políticas públicas en Galicia, grazas, fundamentalmente, aos fondos do Estado e aos fondos da Unión Europea.

Son uns orzamentos que deberan estar á altura da situación máis grave vivida dende a Guerra Civil. Porén, o Goberno galego, a Xunta de Galicia, presenta, para a súa aprobación nesta Cámara, uns orzamentos que non dan resposta ás crises sanitaria, económica e social que estamos a padecer. Son uns orzamentos nos que as solucións do Partido Popular na Xunta



de Galicia se reducen, nesta situación de pandemia, a dotar con maiores contías a práctica totalidade das partidas e programas xa existentes en exercicios anteriores, cando nos últimos cinco exercicios nos atopabamos en contextos de crecemento económico. É dicir, o PP de Feijóo aplica as mesmas receitas ante unha realidade totalmente distinta. Por iso os orzamentos da Xunta de Galicia de Núñez Feijóo para o 2021 son uns orzamentos ineficaces. Son ineficaces porque non dan resposta ás necesidades sanitarias, son ineficaces porque non dan resposta ás necesidades económicas e son ineficaces porque tampouco dan resposta ás necesidades sociais da nosa cidadanía nuns momentos nos que, sen a aposta clara, eficiente e áxil das administracións públicas, moitas persoas corren o risco de quedar atrás.

O Goberno galego trouxo un proxecto de orzamentos co que anunciaba a busca de consensos e a man tendida, pero a realidade é que os socialistas presentamos un total de 640 emendas aos estados de gastos e ao articulado desta lei, á parte da emenda transversal, da emenda á totalidade e das emendas ás seccións. E o resultado é que o Grupo Parlamentario do Partido Popular, o grupo maioritario nesta Cámara, co seu rodillo votou en contra de 570 emendas presentadas por este grupo parlamentario aos estados de gastos. E votaron a favor de 5 emendas e dunha transaccionada ao articulado —das 72 presentadas por este grupo parlamentario—. É dicir, o Grupo do Partido Popular votou a favor do 0,9 % da totalidade das emendas presentadas polo PSdeG-PSOE nesta Cámara. (*Aplausos.*)

E non se dirixiron en ningún momento a este grupo parlamentario para tentar consensuar algo deste proxecto máis alá do trámite habitual que se fai con calquera outro texto lexislativo, unha realidade que desbota o conto do señor presidente Feijóo cando fala de orzamentos de man tendida. Polo tanto, señor conselleiro, deputados e deputadas do Partido Popular, a verdade é que volvemos ao inicio. Ano tras ano volvemos ao inicio, ao mesmo momento de hai dous meses cando entrou o proxecto de orzamentos neste Parlamento galego e vostedes xa tiñan claro que o ían aprobar sen ter en conta as achegas dos grupos da oposición e obviando unha vez máis a pluralidade desta Cámara e a pluralidade da sociedade galega no seu conxunto.

Vostedes non entenden que as emendas que presentamos os socialistas amosan tamén o noso compromiso con Galicia, co noso territorio, coa nosa xente e coa nosa diversidade. A verdade é que onte, mentres preparaba esta intervención e miraba a prensa, sentía un pouco de desacougo polas noticias que aparecían nos xornais. En *La Voz de Galicia*: «*El Sergas trasladada pacientes entre hospitales para evitar que la presión asistencial los desborde. Los ingresados en Galicia ya superan el millar, aunque los contagios bajan*». (*Murmurios.*) En *Faro de Vigo*: «*La presión hospitalaria disparada lleva a adoptar restricciones extremas en Galicia*». En *Faro de Vigo*: «*Pandemia y declive demográfico dejan en mínimos los jóvenes con empleo en Galicia*». En *El Correo Gallego*: «*La crisis amenaza con extinguir 3.000 negocios más en Galicia*». En *Faro de Vigo*: «*La pandemia dejó en Galicia cerca de 60.000 personas más en la pobreza*».

Eu preguntolles, señores e señoras do Partido Popular, ¿de verdade vostedes poden dicir que con estes orzamentos o Goberno galego emprega todos os recursos ao seu alcance para minimizar as terribles consecuencias desta pandemia? (*Aplausos.*) ¿Estes orzamentos van loitar contra a pobreza na que se atopa o 22,6 % da poboación galega, segundo os datos publicados onte no último informe anual de desigualdade de Oxfam Intermón, que nos revela que máis



de 612.000 persoas en Galicia vivían por debaixo do umbral da pobreza a finais de 2020 e que ademais supoñían un 10,8 % máis do que había ao inicio do ano 2020? ¿Van servir estes orzamentos para atender os 32.700 fogares galegos que vivían sen ingresos, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre de 2020, e que son 13.000 máis dende que Feijóo é presidente da Xunta de Galicia? Miren, durante estes once anos de mandato de Feijóo a situación destas persoas non foi unha prioridade para o Goberno galego. É un dos grandes fracasos do Goberno do Partido Popular e do señor Feijóo na Xunta de Galicia.

E agora as contas increméntanse en 1.575 millóns de euros. E eu preguntolles, señores conselleiros e señores deputados e deputadas do Partido Popular: con estes 1.575 millóns de euros ¿van deixar de normalizar esta situación e poñer os recursos necesarios para facer unha sociedade máis igualitaria, máis redistributiva e traballar para que estas persoas en Galicia saian desa situación de pobreza ou exclusión social na que se atopan e que se poidan incorporar ao mercado de traballo e á sociedade en xeral plenamente? (*Aplausos.*) Pregúntollelo. (*Aplausos.*)

Señores e señoras do Partido Popular —contéstenme tamén—, ¿estes orzamentos van ser útiles para poder reverter a sangría demográfica que padece o noso país dende hai máis dunha década, cando perdemos máis de case 96.000 habitantes e temos unha pirámide poboacional na que os menores de 20 anos representan o 15,81 % da poboación? Dito doutra maneira, case 16 de cada 100 persoas no noso país teñen menos de 20 anos, mentres que 25,47 —case 26 persoas— de cada 100 no noso país teñen máis de 64 anos, e seguimos sendo a comunidade autónoma que presenta o peor saldo vexetativo de todas as comunidades autónomas.

Vostedes traen uns orzamentos que van aprobar hoxe, e ademais vanos aprobar sen que a xuventude estea no centro das súas políticas públicas. Señoras e señores deputados do Partido Popular, sen xuventude un país non ten futuro. E hoxe os galegos e as galegas máis novas saben que as oportunidades de futuro no seu país son menos das que necesitan para poder desenvolver as súas capacidades, a súa formación e o seu proxecto vital. Saben que para poder quedar na súa terra precisan dun goberno que aposte polo emprego estable e de calidade, que teña unha política de acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro asequible, que implante políticas reais de conciliación con escolas infantís e centros de día asequibles e preto dos lugares de residencia. Mentres, vemos como nestes orzamentos a dotación das partidas para políticas de xuventude é unha das poucas partidas que diminúe, señor conselleiro. A política de vivenda foi esquecida durante once anos de goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, o que agora nestes orzamentos rectifica grazas aos fondos finalistas que veñen do Estado.

A construción de escolas infantís nos polígonos industriais é outra das promesas incumpridas polo presidente Feijóo. E durante os seus gobernos non se construíu nin unha soa praza de residencia pública para maiores no noso país. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Señoras e señores do Partido Popular, estes tamén deberían de ser uns orzamentos que posibilitaran o reequilibrio territorial en Galicia, aínda que a realidade é que neste orzamento rebaixan a dotación das partidas para fixar poboación no rural en 9 millóns de euros; e en modernización e diversificación do tecido produtivo, en 2,3 millóns de euros. Esta é a real



aposta da Xunta de Galicia polo rural galego e polo seu asentamento poboacional, outro dos contos de Feijóo, que anunciaba unha lexislatura do rural cando a realidade foi que esta última lexislatura foi a lexislatura do esmorecemento do rural. De pouco vale, señor conse lleiro, que establezan beneficios fiscais para adquisición de vivendas ou para establecemento de iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas, porque, se non se manteñen os ser vicios públicos, se non se melloran as comunicacións por estrada, se non chega a cobertura de banda larga a todo o territorio, se non se potencian os sectores produtivos, as persoas máis novas teñen que marchar a outros lugares onde lles ofrezan oportunidades reais para desenvolver o seu proxecto vital.

Estes tampouco son uns orzamentos que contemplan as axudas necesarias para os sectores que máis están sufrindo as consecuencias das restricións —nomeadamente, a hostalaría, o comercio, o sector do ocio, da cultura, persoas autónomas ou pequenas e medianas empre sas—. Estamos en plena terceira onda, e onte mesmo o presidente da Xunta de Galicia anun ciaba medidas máis restritivas que van incrementar aínda máis os problemas para estes sectores. Pero pensamos que estas contas non son suficientes para evitar o peche de moitos destes establecementos, que precisan, a maiores dos ERTE e das axudas por cesamento de actividade que veñen do Estado, axudas directas do Goberno galego para poder sobrepoñerse destas restricións.

Os socialistas cremos que estas contas non son suficientes e non están pensadas para facer fronte aos retos do presente e do futuro máis inmediato. Este debería de ser o momento para sentar as bases do cambio do modelo produtivo cara a un país máis cohesionado, máis verde e máis feminista; para apostar por unha economía do coñecemento que propicie a educación, a formación e a investigación, e que reforce o Estado do benestar; para garantir o apoio cons tante ás familias, aos traballadores, ás persoas autónomas e ás empresas; e para que canalice os fondos europeos para avanzar cara a unha economía con maior valor engadido, máis di xital e baseada na transición enerxética.

Así temos que o Goberno galego nos presenta unhas contas ineficaces en sanidade, un ser vizo público fundamental que perde peso relativo dentro do orzamento para o 2021. E no que atinxe á atención primaria medra un 44 % menos do que se incrementan as contas no seu conxunto. O goberno Feijóo, con 1.575 millóns de euros máis, non dota a sanidade pública galega coas contías necesarias para recuperarse da precarización sufrida durante estes once anos. É ineficaz porque con estas contas non se consolida o emprego suficiente, estable e de calidade, que precisa a sanidade pública en Galicia. É ineficaz porque estas contas non ga ranten a cobertura de servizos fundamentais como os de pediatría e atención primaria nos centros de saúde —sobre todo, naqueles de ámbito rural—. Tampouco serven para mellorar as infraestruturas sanitarias ou a construción onde son insuficientes, así como o necesario incremento de camas hospitalarias. E tamén é insuficiente porque non dota suficientemente as novas necesidades sanitarias xurdidas coa covid. Tampouco aposta por un modelo que atenda en termos de calidade a saúde mental, a saúde bucodental, as drogodependencias, as ludopatías e os servizos sanitarios específicos para mulleres. Se algo nos ensinou esta pan demia, señoras e señores deputados do Partido Popular, é que a saúde é o máis importante. E, polo tanto, a sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade debera ser un obxectivo irrenunciable para este Goberno. *(Aplausos.)*



O Goberno galego presenta un orzamento ineficaz tamén para educación, outro servizo público fundamental que tamén perde peso relativo nestas contas para o 2021, nas que a educación medra a metade que o incremento do presuposto no seu conxunto. O goberno Feijóo, con 1.575 millóns de euros máis, non dota a educación pública galega con contías suficientes para revertir os recortes sufridos durante estes once anos. Son unhas contas que non garantan a consolidación dun emprego suficiente, estable e de calidade na educación galega, unhas contas que non achegan as contías necesarias para mellorar as infraestruturas na maior parte dos centros de ensino, que non garantan a prestación axeitada do servizo de comedor escolar. Son ineficaces porque non garantan que todos os nenos e nenas galegas, independentemente dos ingresos das súas familias, poidan contar con equipos informáticos que lles permitan ter unha educación en igualdade de condicións. E tampouco apostan por garantir redes de banda larga á maior parte da poboación rachando dunha vez por todas coa desigualdade existente segundo o lugar onde se viva.

Tampouco son unhas contas que empreguen recursos suficientes para previr o abandono escolar nin a igualdade de acceso ao alumnado que queira incorporarse á universidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E teñen tamén unha falla de aposta clara pola I+D+i universitaria.

Os socialistas tamén cremos que a aposta pola educación pública, gratuíta e de calidade deba ser outra das prioridades do Goberno da Xunta de Galicia nestas contas expansivas.

O Goberno galego do Partido Popular tamén presenta unhas contas ineficaces en políticas sociais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

A situación de precariedade existente en Galicia nos centros residenciais e de día, tanto das persoas maiores como para discapacitados, amosou o seu lado máis duro no desenvolvemento desta pandemia, evidenciando que durante once anos de goberno Feijóo na Xunta de Galicia houbo cero prazas construídas en residencias públicas galegas, unha deficitaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...inspección nos centros, que tiñan importantes deficiencias, unha precarización dos profesionais, fundamentalmente nas mulleres...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

¡Por favor, mire o reloxo!



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que son as que traballan... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, hoxe remata a tramitación do proxecto de orzamentos para o ano 2021, e durante estas semanas e estes meses de traballo desde o Bloque Nacionalista Galego fixemos un intento de trasladar ao longo das diversas xornadas unha reflexión que entendemos que é obrigatoria nun contexto absolutamente inédito, que vive o mundo e que vive tamén Galicia. E é que unha situación excepcional, baixo o noso punto de vista, require tamén medidas excepcionais, unha resposta que sexa tamén excepcional e que estea á altura das circunstancias.

E hoxe temos a certeza de que 2021 non vai ser un ano fácil. Hoxe xa podemos constatar que deixar atrás 2020 non significou aquilo de «ano novo, vida nova». Hoxe vemos con desesperación como a pandemia está descontrolada, vemos con desesperación como avanza a un ritmo que é inasumible. E hoxe estamos tamén todos e todas preocupadas —ou deberíamos— pola situación tamén da nosa sanidade pública, pola saturación hospitalaria, por se o noso persoal sanitario vai ter nalgún momento que escoller a quen atende e a quen non se atende.

Estamos preocupadas tamén pola situación económica de autónomas, de pequenas e medianas empresas que volven pechar ou que volven restrinxir a súa actividade sen terse recuperado. Hoxe estamos case tocando marzo cos dedos, estamos vendo como imos facer case un ano de pandemia e non fomos quen de deixala atrás. E, é máis, estamos vendo como nisto que denominamos «terceira vaga» non se corrixiron moitos dos erros que se detectaron en momentos anteriores.

Polo tanto, neste contexto de excepcionalidade, desde o Bloque Nacionalista Galego non podemos máis que transmitir a nosa decepción con este proxecto. Entendemos que non está á altura das circunstancias que ten este país neste momento e que constitúe un erro máis deses que non se corrixiron ao longo destes meses. Porque estes orzamentos, se algo non son, é excepcionais. O único que teñen de excepcional son unhas determinadas previsións de ingresos por parte do Estado e por parte do ámbito europeo. Pero no que atinxe ás decisións políticas, ás prioridades de gasto e ás previsións políticas para este 2021 son máis do mesmo do destes doce últimos anos de Núñez Feijóo.



Polo tanto, entendemos que nestes orzamentos non hai claves que respondan a esta situación sen precedentes, que son un erro na forma e que son un erro tamén no fondo. Son, neste contexto, unha fuxida cara a adiante. E xa non é que sexan unha oportunidade perdida como nos parecían ao comezo da súa tramitación, é que xa directamente son un paso máis na irresponsabilidade do Goberno do Partido Popular. Porque entendemos que a peor actitude que pode ter un goberno nunha crise destas circunstancias é ser irresponsables con esta actitude que están tendo de soberbia e de falta de diálogo. A soberbia e a falta de diálogo é o peor que pode ter un goberno en calquera contexto; pero neste, aínda máis. E a verdade é que parece esta tramitación orzamentaria un pouco a precuela do que o Partido Popular ten decidido facer ao longo da lexislatura, que é non escoitar a ninguén arredor, non asumir ningún erro propio e non consensuar a máis mínima proposta.

Efectivamente, o Partido Popular ten maioría, pode permitirse facer iso, pero desde logo non imos deixar de dicir que é un erro e que están a tempo de corrixilo. Non imos deixar de dicir que están equivocados. E unha proba máis desa equivocación é este articulado que debatemos neste punto da orde do día. Nós sempre dicimos que o articulado vén ser a columna vertebral da planificación orzamentaria, poderíamos dicir tamén que é o manual de instrucións polo que se vai rexer o Goberno galego nos próximos meses. E, desde logo, entendemos que non é o que necesita este país, que as medidas que hai no estado de gastos que despois se debaterán non son as medidas que entendemos desde o BNG que hai que tomar.

En todo caso, esa letra pode modificarse ao longo dos próximos meses. O Goberno galego temos moi acostumados a orzar unha cousa e despois facer outra, pero, desde logo, hai cuestións que van neste articulado que son clave, que non se poden cambiar ao longo dos meses e que, se hoxe se aproban sen ningunha modificación máis, serán desde logo unha mala noticia para este país. Porque entendemos que este articulado recolle basicamente como se van desenvolver as cousas ao longo dos próximos meses. E se o estado de gastos practicamente ignora que estamos nunha pandemia sen precedentes, pois desde logo o articulado xa é directamente unha viaxe no tempo ao pasado, é un absoluto calco do que o Partido Popular desenvolveu durante estes doce últimos anos. E entendemos que non é o que corresponde neste momento histórico. Non é o que corresponde porque unha vez máis asume sen ningún tipo de cortapisas nin o máis mínimo cuestionamento un marco estatal de restricións que, se ben está lixeiramente flexionado polas circunstancias que vivimos, entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que é insuficiente e que segue a prexudicar o noso país.

Unha vez máis este articulado confirma que o Goberno galego está instalado na falta de ambición política para construír un modelo fiscal que sexa máis xusto, que sexa máis redistributivo, que permita derivar recursos de quen máis ten a quen menos ten malia o aumento da desigualdade económica que trae esta pandemia, económica e social. E creo que tamén —da mesma forma que sinalaba a voceira socialista— todas e todos vimos os titulares destas últimas semanas, destes días. Desde o comezo desta pandemia unha das preocupacións centrais por parte deste grupo foi o aumento da desigualdade social e da pobreza. Onte mesmo liamos como as estimacións que fan as organizacións sociais de cara ao Foro de Davos é que haxa xa máis de 60.000 persoas máis en situación de pobreza e exclusión social no noso país desde que comezou esta crise. E, desde logo, o panorama que tiñamos en 2019 tampouco era para botar foguetes con case 1/4 da poboación galega en risco de exclusión social.



Polo tanto, entendemos que neste articulado non hai tampouco ningunha corrección a este respecto. E tamén, unha vez máis, malia a parte inicial desta crise, na que parecía que desde o dogma neoliberal se asumira que a intervención pública na economía era fundamental, aquí o que vemos é máis do mesmo. Non hai unha aposta no fortalecemento dos servizos públicos, non hai unha aposta para reverter o baleirado e precarización destes servizos públicos —a comezar polo persoal que o sostén—, e tampouco inclúe medidas extraordinarias para dinamizar a nosa economía nun momento no que á situación actual se suma unha situación previa do ano 2020 que tampouco era extraordinaria.

Basicamente podemos concluír que para o Bloque Nacionalista Galego o único diferente, o único extraordinario, que aparece neste articulado é esa mención á cuestión dos fondos europeos e dos fondos Next Generation. E temos que lamentar que o que fai é certificar —para o Bloque Nacionalista Galego— que o Partido Popular segue cómodo instalado na súa estratexia de unilateralidade e que simplemente quere darlle rango de lei neste articulado e noutros proxectos que xa están en tramitación na Cámara. Pero, desde logo, aínda que sexa a innovación literaria que inclúe este articulado, non nos satisfai, entendemos que non é a liña adecuada.

Polo tanto, podemos dicir que, nesta parte da tramitación orzamentaria, ao Partido Popular acaba de caerlle xa definitivamente a carauta fronte a esas apelacións que escoitabamos no inicio desta lexislatura. Aquí non atopamos nin diálogo nin consenso nin tampouco propósito de emenda daquelas debilidades que saltaron na pandemia da covid-19. E por ese motivo, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, complementariamente ás emendas que se presentaron ao estado de gastos e tamén á Lei de medidas, presentamos un total de 38 emendas para este articulado que inciden na liña de anos anteriores —porque o articulado é un clon dos orzamentos anteriores— e que se sitúan en coherencia cos textos tamén de devolución, con entender que neste momento máis ca nunca este país precisa outra orientación. Pretenden evidenciar as nosas discrepancias co proxecto do Partido Popular, que ten, efectivamente, ingresos extraordinarios nesta ocasión pero que desde logo non ten unhas prioridades extraordinarias nin unha folla de ruta que nos faga ter un plan para cando este país non teña eses ingresos extraordinarios.

Nós entendemos que hoxe o noso país ten problemas que son novos pero que, desde logo, tamén estamos vendo problemas que existían antes da emerxencia da covid-19, como esa gran crise industrial. E mediante estas emendas evidenciamos unha liña alternativa dentro das limitacións que ten un marco deste tipo e un texto lexislativo tamén deste tipo. E non me deterei en desenvolver cada unha delas, pero si queriamos recoller nesta quenda, cando menos, unha breve síntese.

Nós, especificamente, nas emendas ao artigo 2, como vén sendo habitual, facemos constar a evidencia de que necesitamos incrementar o gasto público, necesitamos incrementar ademais o gasto no reforzamento dos servizos públicos, na sanidade, na educación e nos servizos sociais. Iso, efectivamente, vai no ADN do proxecto político do nacionalismo galego, pero, desde logo, entendemos que unha crise sanitaria non se pode resolver sen máis esforzo neste ámbito. E nesta crise escoitabamos —xa o dicía antes— falar da importancia do público, pero non se corresponde coa saída que se está artellando, que, desde logo, non é unha saída xusta nin é unha saída pensada por e para Galiza.



Tamén incluímos cuestións que nos parecen fundamentais de perspectiva a longo prazo. Na emenda número 3, que facemos ao apartado 1 do artigo 9, insistimos en algo que tampouco é novo pola nosa banda —pero desde logo esta crise veu certificar que atinabamos cando o exixiamos—, que é basicamente que propoñemos un consenso para que, se estas previsións de ingresos extraordinarios que veñen do Estado ou que veñen de Europa non se cumpren, se Galiza ten finalmente que xestionar uns orzamentos menores aos que está estimando, que haxa un compromiso nesta lei de orzamentos de que non se van afectar partidas de gasto social e de que os servizos públicos deste país son intocables. Xa vimos neste país na crise financeira cal era a receita que se aplicaba por parte da dereita, e, desde logo, o que reclamabamos era que se aprendera a lección e que se rectificase nesta lei. Pero xa vemos que non están dispostos.

Estamos xa nunha crise económica que é innegable. E nós entendemos que, da mesma forma que non podemos infantilizar a sociedade opacando datos sobre a situación sanitaria, tampouco podemos infantilizar a sociedade galega sen contar, efectivamente, que quizais estes orzamentos expansivos non se poidan concretar e que, se son os únicos que vai haber en toda a lexislatura, temos que ter un compromiso de non recortar os servizos públicos esenciais. Iso é algo tan simple como que o propoñemos na nosa emenda, que foi unha vez máis rexeitada polo Partido Popular. Tememos que foi rexeitada porque xa sabemos cal será a súa alternativa se teñen que tomar decisións de restrición de gasto. E tamén porque entendemos —e presentamos outras emendas nesa liña— que as previsións que se fan de incremento do gasto sanitario son absolutamente insuficientes. Son insuficientes porque estamos a ver tamén nesta nova crise a falta de persoal sanitario, a falta de infraestruturas, a falta de elementos tan sangrantes como camas UCI a estas alturas da terceira vaga; e porque temos tamén a experiencia doutros anos, cando ano a ano a Conta xeral do Sergas nos di que o que se prevé non é suficiente. Se non é suficiente noutros anos e hai que incrementar en moitos exercicios máis de 400 millóns de euros, desde logo os 400 millóns de euros adicionais respecto do ano pasado neste contexto son importantes —non os desprecemos— pero desde logo non son suficientes.

Outra emenda que me gustaría sinalar é a número 24. Insistimos unha vez máis en que durante o período de vixencia desta lei non se utilicen contratos de colaboración público-privada, en que se aprendan as leccións de esperpentos como a situación do Hospital de Vigo, a súa situación económica e legal.

E tamén insistimos —nunha batería de emendas que presentamos a este articulado— nese reforzo dos servizos públicos. Temos exemplos sangrantes nesta crise. Hai apenas unhas semanas tiñamos novos datos para poñer negro sobre branco o que leva denunciando o BNG durante anos: que só dúas de cada dez prazas de residencias en Galiza son públicas; ou que, dito doutra maneira, o 80 % son privadas. Ese modelo non pode ser o mesmo modelo que se oferte para a saída desta crise. Desde logo, desde o BNG situámonos en fronte desa intención por parte do Partido Popular, o mesmo Partido Popular que conseguiu que, de todo o Estado español, a Xunta sexa a que menos prazas de residencias financia —sexa directamente en centros públicos ou a través da concertación coa privada—, e directamente en contra das recomendacións da Organización Mundial da Saúde e en contra tamén das leccións desta crise e do que demandan estes sectores da nosa sociedade.



Por outra banda, outra serie de emendas que incluímos nesta batería pois van na liña de reforzar o persoal público, de reforzar ese persoal ao que tanto se lle aplaudía ás oito da tarde, como o persoal do Consorcio, que sofre que se manteña en suspenso, por exemplo, o artigo 19 do V Convenio do persoal laboral da Xunta —que non é máis que tempo de lecer e disfrute de días de descanso— e que a estas alturas segue manténdose no conxelador inexplicamente.

Tamén hai outras emendas destinadas a atallar a precariedade, a temporalidade, nos servizos públicos. Hai pouco comparecía tamén nesta Cámara unha representante de Enfermeiras en Loita e dicía como a súa estimación era que máis do 60 % delas tiñan unha situación de precariedade e eventualidade.

Incorporamos tamén outras emendas destinadas a cuestións —que non son menores neste contexto— de xestión orzamentaria, control e transparencia. Acéptase unha. A gran mostra de xenerosidade do Grupo Popular neste debate é que, de todas as emendas —mil e pico presentadas en conxunto por parte do Bloque Nacionalista Galego—, a única que se acepta é a de que se remita a información económica mensualmente, en lugar de trimestralmente, a este Parlamento. É importante, non lle restamos importancia, pero desde logo, estando xa nestes anos do século XXI, pois tampouco era tanto pedir.

E, por último, pois tamén nas nosas propostas presentamos emendas de colaboración, de diálogo e soporte económico tamén ás entidades locais, que o están pasando moi mal nestes momentos e que teñen unha Xunta de Galicia de costas e poñéndolles competencias que non lles corresponden.

E, por último, tamén indicamos nas nosas emendas unha petición —aínda que sabemos que case é como falar cunha parede— para un camiño alternativo respecto da cuestión dos fondos europeos. É un dos debates máis importantes que terá este país por diante nos próximos meses,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... e é inaceptable a formulación que está a facer o Partido Popular, que basicamente é: Eu dígoche o que vou facer e ti apláudeme sen cuestionar nada. Isto é basicamente o que fixo nesta tramitación orzamentaria.

Desde logo, entendemos que non está á altura do que necesita este país, que non é a resposta que necesitamos neste momento e que, desde logo, deixa unha vez máis un goberno arrogante, soberbio e que non está disposto ao máis mínimo diálogo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado Filgueira.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Un ano máis, atopámonos na aprobación duns novos orzamentos para a Xunta de Galicia, para o ano 2021, uns orzamentos que, como saben, o Goberno galego preparou nun tempo récord. Polo tanto, a min gustaríame comezar a miña intervención felicitando o equipo da Consellería de Facenda. Foi nun tempo récord, e volverían presentarse en tempo e forma se non fora polos tres meses de atraso cos que o Goberno central comunicou as entregas á conta ás comunidades autónomas. Polo tanto, cómpre felicitar o equipo da Consellería de Facenda polo esforzo feito para que antes de que rematase este mes de xaneiro os orzamentos puidesen estar definitivamente aprobados.

En calquera caso, son unhas contas que son máis necesarias ca nunca. Estamos ante uns orzamentos excepcionais para un momento tremendamente excepcional. Levamos xa boa parte da mañá debatendo, escoitando as propostas dos distintos grupos parlamentarios, pero eu teño que incidir nos aspectos fundamentais deste debate, pois semella que dende a oposición non acaban de entender cal é o valor e a importancia destes orzamentos precisamente neste momento.

Estamos ante os orzamentos máis altos da historia de Galicia —con 11.563 millóns de euros—, uns orzamentos que medran un 14 % con respecto ao exercicio anterior, uns orzamentos que contemplan o maior gasto social da historia de Galicia, uns orzamentos que contemplan o maior esforzo investidor de toda a nosa historia, uns orzamentos centrados na recuperación e con tres obxectivos ben definidos: superar a pandemia, reactivar a economía, crear emprego, e atender as necesidades das familias, das pequenas e medianas empresas e dos autónomos.

Estes son uns orzamentos prudentes, responsables, e son uns orzamentos realistas, moi lonxe da improvisación e da incoherencia dos orzamentos xerais do Estado, aprobados recentemente e tan aplaudidos, cando menos, polo Grupo Parlamentario Socialista. Tamén nun principio o fixo o BNG, que logo rectificou.

Estes son uns orzamentos que recorren a un endebedamento responsable. Estes son uns orzamentos que non soben un só euro os impostos aos galegos, nin ás empresas nin ás persoas. Son uns orzamentos que consolidan rebaixas fiscais de exercicios anteriores no IRPF —un dos máis baixos de toda España— e no imposto de sucesións —eliminándoo no 98 % dos casos—; coa estratexia «impostos cero no rural», que se mantén no tempo e que continuamos a pesar da pandemia, e con incentivos á natalidade, que nos coloca á cabeza de España neste tipo de políticas.

Estes son uns orzamentos que blindan os recursos para as infraestruturas sanitarias en toda a lexislatura. Son uns orzamentos sociais, eminentemente sociais —catro de cada cinco euros van á sanidade, á educación, á política social e ao emprego—. Estes son uns orzamentos tremendamente sociais: sanidade, 4.587 millóns de euros —470 millóns de euros máis que o ano pasado—; educación, 2.700 millóns de euros —166 millóns de euros máis que o



ano pasado—; políticas sociais, 900 millóns de euros para investir neste ano —126 millóns de euros máis que o ano pasado—; e Emprego —consellería, como saben, de nova creación— contén un orzamento de 97 millóns de euros máis para políticas activas de emprego e para políticas de igualdade.

E, por último, son uns orzamentos que crean novos instrumentos fundamentais para combater a pandemia: o Fondo Covid —503 millóns de euros—; o Fondo React-EU —430 millóns de euros—; o fondo de consenso —que parece ser que non lles interesa porque nada propoñen para ese fondo de consenso—, con 115 millóns de euros; e o fondo para infraestruturas sanitarias, con 105 millóns de euros neste exercicio 2021 —un fondo que será plurianual—.

Estes son os datos obxectivos destes orzamentos, que son bos por si mesmos, por moito que vostedes vaian votar en contra, pero que brillan especialmente se os comparamos cos orzamentos xerais do Estado, recentemente aprobados e tan aplaudidos polo Grupo Parlamentario Socialista. Resulta moi difícil darlle credibilidade a un PSdeG-PSOE que defendeu por activa e por pasiva os orzamentos do Goberno central e que agora critica ferozmente as contas da Xunta de Galicia, cando son obxectiva e indiscutiblemente uns orzamentos que pensan moito máis en Galicia e que invisten moito máis en Galicia; que garanten os recursos para combater a pandemia e empezar a reactivar a nosa economía.

¡Como se poden aplaudir uns orzamentos xerais do Estado que rebaixan o seu investimento en Galicia un 11 %, a cifra máis baixa de investimento en Galicia nos últimos quince anos, e ao mesmo tempo se presentan nesta Cámara e critican os orzamentos da Xunta, que medran un 14 %! ¡Pero que desfachatez é esa do Grupo Parlamentario Socialista! (*Aplausos.*) ¡Como se poden aplaudir uns orzamentos xerais do Estado que caen ata o 6,6 % de investimento territorializado na nosa comunidade cando ese orzamento sobe un 12 %, cando ese orzamento sobe en todas as comunidades autónomas agás en Galicia —nalgúns casos sobe ata un 47 %—!

É insultante o trato que o Goberno de España lle dá a Galicia e é insultante a complicidade do Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE. Mentres, critícanse os orzamentos da Xunta, que inviste o triplo, ¡o triplo do que inviste o Estado na nosa comunidade!

¡Como se poden aplaudir uns orzamentos xerais do Estado que abandonan as grandes infraestruturas galegas e que as poucas que si recollen —como a rebaixa da AP-9— son meros enganados, como estamos comprobando finalizando xa o mes de xaneiro! ¡Como se poden aplaudir uns orzamentos que soben os impostos a todos os españois nun momento tan difícil para as familias e para os negocios mentres se critican nesta Cámara os orzamentos da Xunta de Galicia, que consolidan as rebaixas fiscais e non soben un só euro os impostos aos galegos!

Iso é o que nos piden os cidadáns na rúa, unha rúa á que vostedes parece ser que non saen. Porque vostedes non escoitan a ninguén que non sexa do seu partido, e, polo tanto, están nese autoengano permanente, escoitando, uns, a nacionalistas e, outros, a socialistas, aos que din «si, amén» a todo o que lles diga o seu partido. Pero ¿saen vostedes á rúa e escoitan a xente? Nós cremos que non, e nós cremos que por iso de forma reiterada e continuada, en 2020, en 2016, en 2012 e primeiro no 2009, os galegos non lles deron a súa confianza.



¡Como se poden aplaudir uns orzamentos xerais do Estado que esquecen o reto demográfico, ningunean a Lei de dependencia, desprezan o Xacobeo, mentres se critican nesta Cámara os orzamentos da Xunta de Galicia con máis investimento social da nosa historia e que dedican catro de cada cinco euros a gasto social!

Nós, dende logo, non compartimos a estratexia da esquerda.

Centrándonos xa nas emendas ao articulado, señorías, a verdade é que cada ano vivimos un *déjà vu* permanente durante este debate. Creo que repetimos as mesmas ideas e argumentos unha e outra vez, unha e outra vez, durante os últimos once anos. Pero é que, ano tras ano, vostedes repiten as mesmas emendas. Repiten as mesmas emendas de forma sistemática, e incluso as repetiron este ano cun orzamento tan excepcional e nun contexto de pandemia global nunca antes visto na nosa historia recente. Pero pouco lles importa, señorías. Vostedes veñen cunhas emendas resesas, son as de sempre, ¡as de sempre! O 90 % das súas emendas son idénticas, idénticas ás dos anos pasados. O PSdeG repite —fíxense— 65 emendas. Só oito son novas. Nun contexto tan excepcional, cuns orzamentos que soben o 14 % e que modifican a estrutura do orzamento da Xunta de Galicia para este ano, vostedes resulta que collen o arquivo, presentan 65 do ano pasado —que son, por certo, as do anterior e as do anterior do anterior— e presentan oito novas. ¡Caramba, vese que non tiñan moitas ganas de traballar!

O BNG repite 34 emendas, apenas hai catro novas. ¡Como non imos repetir o debate se presentan o mesmo que xa rexeitamos un ano tras outro, o mesmo que os cidadáns avalan nas urnas e que vostedes rexeitan! Está claro que falta traballo por parte da oposición. Vese que non toman este asunto en serio. O mesmo deputado que na Comisión 3ª exercía de voceiro socialista, o señor Francisco Rivera, xa argumentou na Comisión 3ª que, total, como llas imos rexeitar, pois son as mesmas do ano pasado.

É que son inconsistentes dende o punto de vista técnico e irresponsables dende o punto de vista político. A metade das emendas son de imposible execución material, ou incumpren obrigas legais da propia Administración autonómica; e a outra metade son irresponsables —e polo tanto inaceptables— por eliminar partidas que son imprescindibles para o funcionamento ordinario da Administración pública galega. En definitiva, un ano máis, unha chapuza máis dos grupos da oposición para limitarse, ademais, a votar simultaneamente uns as emendas dos outros aínda que sexan contraditorias.

Sobre as emendas ao articulado do BNG, eu teño que sinalar que empezan propoñendo unha importante subida de impostos. Nada dixo a señora Presas deste asunto na súa intervención. Hai unha importante subida de impostos. Soben os tipos do IRPF, de patrimonio, reducen o mínimo exento, suprimen bonificacións, ou crean novos impostos. Señora Presas, no Partido Popular de Galicia cremos que este é o momento de facer xusto o contrario, este é o momento de facer xusto o contrario, o momento de baixar os impostos para apoiar as familias e os negocios galegos nun momento tan difícil coma este.

Propoñen un incremento retributivo do 3 %, algo que sinxelamente é que non o permite a normativa básica do Estado. Estes orzamentos xa contemplan o incremento retributivo máximo permitido pola lexislación vixente.



Tamén queren eliminar o artigo que regula os módulos do ensino concertado. Se o facemos, ¿sabe o que pasaría, señora Presas? Deixaríamos automaticamente de pagar a súa retribución a miles de docentes dos centros concertados de Galicia, e deixaríamos milleiros de nenos na rúa sen escolarizar. A verdade é que non parece nin moi oportuno nin moi prudente.

Por outro lado, propoñen rebaixar os gastos en gabinetes e persoal eventual, ¡vostedes!, ¡os do Bipartito!, os que os incrementaron cando gobernaban. É que o gasto en gabinetes hoxe, once anos despois de que os galegos os botasen da Xunta de Galicia, aínda é máis baixo que cando gobernaban vostedes. É que vostedes sustentan un goberno en España que multiplicou de forma brutal o gasto en persoal de gabinete. ¿Estannos tomando o pelo ou é que lles toman o pelo a todos os galegos? Eu creo que o primeiro e o segundo.

Propoñen crear unha nova oficina orzamentaria no Parlamento, ao servizo das súas señorías, cunhas funcións —temos que dicírllelo— que xa exerce o Consello de Contas.

E, por último, hai que destacar que tamén propoñen crear un fondo, co 1 % do gasto non financeiro primario, para combater a pandemia a través dos acordos unánimes aos que chegue a Comisión de Reconstrución, o Parlamento ou o CES. Nós cremos que, dado o nivel actual de incerteza, parece máis oportuno, parece máis razoable, optar por un enfoque prudente como o que propón a Xunta, que é crear un sistema de catro fondos diferentes que permitan unha maior flexibilidade de manobra para o Goberno galego. Por estas razóns, imos rexeitar as súas emendas.

Logo están as emendas ao articulado que presenta o Partido Socialista. Propoñen modificacións que non se poden realizar por este trámite parlamentario, como os cambios sobre o Fondo de Continxencia —non se poden facer neste trámite parlamentario—, ou en canto ás modificacións en materia de carreira profesional, no que habería que recorrer a unha negociación colectiva. Presentan múltiples emendas que piden aclaracións que non son necesarias, salvo que non analizasen ben este asunto —porque están recollidas en diversas normativas ou simplemente porque son redundantes e non terían ningún sentido—.

Piden que se especifique o gasto de persoal de gabinetes nos orzamentos, cousa que xa está perfectamente regulada na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Tamén seguen coa súa teima contra o ensino concertado, neste caso cunha emenda que levaría a non pagar as retribucións ao persoal docente que exerce labores de dirección. Non parece moi oportuno tampouco. Tamén queren eliminar os módulos, o que é absolutamente incongruente coas súas emendas á totalidade e ao estado de gastos, nas que piden diminuír os créditos para atender o ensino concertado. ¡En fin...!

Propoñen o incremento de diversas transferencias sen determinar como as financiarían, e piden tamén a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local, que non ten ningún sentido nestes momentos, pois está pendente da reforma por parte do Goberno de España —do seu goberno, do seu partido— do sistema de financiamento autonómico, o que, polo tanto, implicaría tamén un novo marco de financiamento local. Polo tanto, pídallo vostede ao señor Pedro Sánchez. Eu supoño que hai fío directo entre o señor Caballero e Sánchez —polo menos ata



agora, mentres non celebren ese congreso que lle queren convocar—. Que falen, que falen entre eles, que iso o poden resolver, porque este non é o mecanismo para facelo.

Señorías, eu quero rematar pedíndolles un pouco de compromiso e de lealdade, non co Goberno galego, non coa Xunta, senón cos galegos. Deixen o teatro de cada un, deixen de apoiarse nestas emendas sen sentido para xustificar unha negativa a uns orzamentos que vostedes saben que son positivos para Galicia. Hoxe teñen vostedes a oportunidade de facelo. Podemos avanzar xuntos, mellor e máis rápido ou podemos avanzar sós —como o fixemos ao longo dos últimos dez anos—. Pero non lles caiba ningunha dúbida de que Galicia vai saír a adiante con vostedes ou sen vostedes. Porque, se hoxe votan en contra destes orzamentos, vostedes están votando en contra dos orzamentos máis necesarios da historia recente desta comunidade. Estarían votando en contra da subida do investimento en sanidade e en política social.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Estarían votando en contra de apoiar as familias e as empresas mantendo as rebaixas fiscais. E estarían votando en contra de blindar as infraestruturas sanitarias, de blindar a educación pública, de blindar as políticas de emprego e de igualdade. En definitiva, estarían votando en contra de Galicia e de todos os galegos. Eu estou seguro de que iso non o desexa ninguén dos aquí presentes nesta Cámara, e, polo tanto, invitámoslos a reflexionar e a escoitar o que os galegos piden na rúa, que é unidade de acción política. Porque, se non arriman o ombro nestes momentos, ¿cando teñen pensado facelo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda para definirse sobre as emendas dos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade, señor Tellado, é que, escoitándoo hoxe aquí, ata me pareceu unha persoa supermoderada e supercorrecta, cousa que non é moi habitual de vostede nesta sede parlamentaria. Gustaríame que sempre fosen así os seus debates. O que pasa é que hai cousas que realmente me pegan un pouco a risa, como cando vostede di que nos invita a votar a favor porque, se non, van estar sós, e que nos tende a man. Mire, xa lles expliquei na miña primeira intervención que vostedes non quixeron en ningún momento, en ningún momento do trámite destes orzamentos, tendernos a man. Xa tiñan claro desde o principio que os ían votar vostedes sós, que, facéndoo con esa arrogancia habitual, ían votalos cos seus votos favorables, única e exclusivamente.

Pero, ademais, vostede permítese o luxo de chamarnos «pouco traballadores» e outro adxectivo que non recordo —anoteino por aquí pero, bueno, en calquera caso non vou insistir



nel—. E mire, voulle dicir unha cousa: non lle consinto que nos chame ao Grupo Parlamentario Socialista nin chapuzas nin larcháns —que é como lles chaman aos pouco traballadores no meu concello—. (*Aplausos.*) Porque, mire, os pouco traballadores, se imos a iso, foron vostedes, o Goberno galego, porque colleron os 1.575 millóns, cos euros a maiores que viñeron da Unión Europea e do Estado, e repartíronos para que lles cadraran as contas. Nin sequera cambiaron un só dos programas nin unha soa partida. (*Aplausos.*) Así é que non nos veña vostede aquí a insultar nin a chamar pouco traballadores, porque creo que facemos o noso traballo o mellor que podemos e moi dignamente. Non llo consinto nin a vostede nin a ningún do Partido Popular.

Vostede fala de que isto é un continuo *déjà vu* durante once anos porque repetimos practicamente as mesmas emendas. Pero, mire, mire se son pouco traballadores que vostedes, o Goberno galego, o goberno do Partido Popular, trae practicamente os mesmos orzamentos, trae practicamente o mesmo articulado, e, polo tanto, nós, de acordo coa nosa ideoloxía e co noso modo de entender o público, pois presentamos unhas emendas bastante similares posto que ano tras ano son rexeitadas polo rodillo do Partido Popular.

Ben, tal como estaba na miña exposición inicial, voulle seguir contando por que estes orzamentos son uns orzamentos totalmente ineficaces. Tamén son ineficaces en promoción económica, que é imprescindible para sentar as bases do cambio na estrutura produtiva de Galicia. É un proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia que carece de estratexia e compromiso no relativo á modernización e á potenciación dos sectores produtivos galegos, que non asume os retos da transición ecolóxica ou da dixitalización e que non muda a súa inacción en materia de política industrial —por certo, algo que asume o propio Goberno da Xunta de Galicia na exposición de motivos da Lei de simplificación administrativa, que dentro de pouco tamén será debatida neste Parlamento galego—. Polo tanto, o propio Goberno galego admite que debe haber un cambio de estrutura, e admite os fallos da súa forma de gobernar durante estes once anos de goberno do Partido Popular.

E, mire, nós, por último, consideramos que son unhas contas totalmente ineficaces para os concellos. Os socialistas temos un compromiso inequívoco cos concellos porque os concellos son a administración que está máis preto da cidadanía, os primeiros que teñen que atender as necesidades das persoas, as administracións que nestes momentos da pandemia fixeron un esforzo sen precedentes para atender as necesidades da súa veciñanza, mentres que o goberno Feijóo incrementa as súas competencias sen achegarlles os recursos que necesitan. O goberno de Pedro Sánchez non permite que as comunidades autónomas caian porque hai persoas detrás, e, cuns orzamentos que medran ata 1.575 millóns de euros, o goberno Feijóo abandona os concellos diminuindo a súa partida en 11,4 millóns de euros en transferencias para as entidades locais. E en transferencias para axuda polos gastos ocasionados pola covid, ¡cero! Esa é a contribución da Xunta de Galicia para os concellos galegos. (*Aplausos.*)

E, miren, o Goberno galego nesta última lexislatura intentou desvirtuar todos os anos o Fondo de Cooperación Local, tentando que deixase de ser un fondo non condicionado para convertelo nun fondo condicionado e específico que vostedes determinaban previamente. E os socialistas presentamos emendas ano tras ano para solucionar esta situación, posto que neste ano entendemos que no articulado da lei vostedes establecen un fondo base de case 113 millóns de euros —exactamente igual que o que había no ano 2009— e suman unha contía...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...denominada «fondo adicional», por case 9 millóns de euros, incumprindo o acordo de que eses fondos teñen que ser fondos non finalistas. E vos-
tedes destínano concretamente para determinadas cuestións, como concellos onde hai ins-
titucións penitenciarias, gastos en centros de saúde a cargo do concello —por certo,
incumprindo o Pacto local asinado no 2006—, mantemento de conservatorios de grao
medio, concellos fusionados —que, por certo, son unha e outra vez...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Perdón, ¿xa non teño tempo? ¡Caramba!

O señor PRESIDENTE: Non, xa se pasou un minuto.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois nada.

Hai unha cantidade de contías que vostedes destinan e que xa dan inicialmente para deter-
minados concellos, incumprindo o acordo de que sexan non condicionados.

Simplemente medio minuto, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Non, é que hoxe temos un día que non se pode imaxinar, ¡eh!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Presidente, é que quero falar só de dúas cousas sobre as
emendas ao articulado. As nosas emendas pretendían mellorar o nivel de transparencia da
xestión orzamentaria e clarificar os gastos en publicidade e comunicación institucional...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que dedica a Xunta de Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Xa quedou claro. Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...limitar os importes das transferencias de crédito...,

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...regular o emprego da partida 621...,

O señor PRESIDENTE: Xa quedou claro, xa está claro. Está claro xa todo.

Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e mellorar as condicións dos traballadores...



O señor PRESIDENTE: Por favor, terminou o seu tempo... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Rodríguez Rumbo, por favor, mire o reloxo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Por favor!

¡Grazas, ¡xa está! *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Xa lle entenderon todo! ¡Clarísimo! *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Quedou clarísimo.

Grazas.

(Aplausos.)

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Home, por favor! ¡Pero son dous minutos, por favor! *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, escoite. Vostede especialmente foi no primeiro turno tres minutos e agora dous e pico... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* O resto, moito menos. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, iso queda rexistrado aquí e comprobado. Dígollo eu, que estou atento aquí ao peluco. *(Risos.)* ¡Por favor! *(Risos.)*

Bueno, continuamos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, señor Tellado, nós temos que comezar unha vez máis negando a maior. É que vostede fixo aquí unha descrición da excepcionalidade destes orzamentos da Xunta de Galiza, e é que o problema é precisamente que non son excepcionais. O problema é que o único excepcional que teñen —no que eu xa insistín na miña primeira intervención— son montantes extraordinarios, unha previsión respecto de fondos especiais covid do Estado e da Unión Europea. Efectivamente, a previsión aí está na letra dos orzamentos, pero é o único excepcional. O que son despois as decisións políticas das prioridades e de como se vai desenvolver a política económica, social e financeira do Goberno galego é máis do mesmo, señor Tellado. E por suposto estamos enfronte, porque entendemos que, se algo houbo que aprender nesta crise, é que por esa vía non se ía adecuadamente.

A folla de ruta que vostedes presentan aquí é unha vez máis unha folla de ruta neoliberal, unha folla de ruta absolutamente unilateral. Porque vostedes o único que queren é poñer as



apelacións ao consenso nos titulares da prensa, pero despois, na realidade do día a día, unilateralidade. Vostedes pretenden vir aquí, dicir o que lles pete e que a oposición aplaudamos e esteamos en silencio. E ese non é o noso deber, porque non é o que precisa este país, señor Tellado. Vostedes terannos sempre enfronte cunha actitude responsable —que xa lles gustaría a outros gobernos ter unha oposición responsable como a deste país— pero, desde logo, non conivente nin compracente cunha saída da crise que están artellando vostedes, que non é a que necesita este país, que nin é xusta nin aposta polos servizos públicos nin polo dinamismo económico das empresas propias do país e do tecido da pequena e mediana empresa, nin polas cuestións que estamos poñendo enriba da mesa. (*Aplausos.*)

É tan pouco excepcional este orzamento que vostede tivo que empregar case o 80 % do seu tempo en falar dos orzamentos do Estado —que cando queira facemos un debate monográfico, ¿onde van xa os orzamentos do Estado!—. E desafortunadamente xa temos outras afrontas que poñer aquí enriba da mesa. Vostede xa sabe que, cando lles entra a ínfula do autogoberno, se queren camiñar canda as nosas propostas tamén no ámbito do Estado, serán benvidos. Pero, desde logo, creo que hai que tomar un pouco con seriedade este debate, cun pouco menos de frivolidade. Porque a situación que temos fóra deste hemiciclo é moi preocupante, porque hoxe todo o mundo está pensando nas consecuencias de se cae enfermo, está pensando na situación económica, social e na saúde das súas persoas. E neste contexto o único que ofrece aquí o Partido Popular é o seu reseso discurso de sempre. Porque se hai algo reseso neste debate orzamentario é o Partido Popular facendo o que mellor fai, que é de oposición da oposición. (*Aplausos.*) E, desde logo, non por esperado é menos horrorizante neste contexto.

E tamén fixo vostede un *remix* dos outros debates do estado de gastos e da Lei de acompañamento. Pero, desde logo, quero aproveitar esta quenda para negar a maior tamén noutra aseveración que vostede intentou soste aquí, que é que son os orzamentos máis sociais da historia. É increíble, porque en cada presentación orzamentaria son os orzamentos máis sociais da historia. Van bater vostedes algún tipo de récord. Pero, desde logo, iso non é en absoluto así. ¿Como é posible que nun orzamento que aumenta, nun orzamento que se supón que ten que responder a unha crise de razón sanitaria, a sanidade pese menos —no peso relativo dos orzamentos— que no anterior? Si, non negue coa cabeza, pasa do 33,8 % ao 33,5 %. Se todos os anos o Consello de Contas —ao que vostede mesmo fixo mención— nos di que a Xunta paga con fondos extraordinarios gasto corrente do sistema sanitario público, se nos di que hai que incrementar ano a ano o orzamento que prevén porque non chega, se no último exercicio analizado polo Consello de Contas —o 2018— cumpriron máis de douscentos millóns de euros de incremento, ¿como se vai resolver unha crise sanitaria cun incremento de catrocentos e pico? É importante pero é insuficiente.

É insuficiente, e xa estamos vendo, señor Tellado, como están xestionando vostedes esta terceira vaga. Xa o estamos vendo, porque non hai plans de continxencia serios nos hospitais. Xa non é que non os remitan a este Parlamento cando o solicitamos, é que están escoitando as voces da xente do sistema sanitario. Onte mesmo o Colexio de Enfermería de Ourense saía denunciando a situación das urxencias e das UCI. Non están tomando vostedes medidas de reforzo sanitario como deberan, e iso é unha irresponsabilidade sabendo o que sabemos. E non falemos da evolución da atención primaria e doutras cuestións que xa dixer



na primeira quenda, como a situación das residencias públicas ou doutros aspectos do estado de gastos nos que non me daría tempo entrar.

Simplemente fago unha última reflexión. A gran acusación, o superpecado orixinal que nos atribúe o goberno do Partido Popular, é que repetimos emendas. Miren, ¿e que emendas? Pedir o compromiso de que, pase o que pase na xestión da tesouraría do Goberno galego, non se recorten os servizos públicos, o BNG vaino repetir xa non exercicio de orzamentos a exercicio, senón día a día, señor Tellado. Porque iso é unha prioridade política, iso é defender os servizos públicos e, desde logo, non imos deixar de facelo. E se a vostede lle parece repetitivo, pois ¡non lle queda nada! Xa llo digo, porque...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...se algo temos claro nesta crise, é que hai que saír dela blindando os servizos públicos.

E, para chapuza, a que fai o Partido Popular. Xa non vou entrar nas chapuzas das súas emendas, das chamadas de última hora porque «non sei que emenda está mal na Lei de acompañamento e hai que ter un consenso para que vaia ben», etc. Porque, desde logo, iso, no contexto que temos, é menor. Pero, desde logo, vostedes si que son chapuceiros, si que toman o pelo.

E, por último, o máis sintomático é que toman o pelo respecto da actitude que deberan ter vostedes como goberno cara á oposición e no que queda de crise.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E ese fondo covid é ilustrativo, porque, claro, vén vostede dicir que comprometer un 1 % do orzamento ampliable en función de consensos aos que chegue este Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non se pode. Non se pode ¿por que? Porque vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...meten aí 38 milloncetes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para dicir que meten algo.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E queren consensuar... (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. Terminou o tempo.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Se a vostede non lle parece excepcional dedicar 4.587 millóns de euros á sanidade pública, 473 máis que o ano pasado, a verdade é que eu non sei que espera que sexa excepcional. Blindar os servizos públicos e incrementar os orzamentos da sanidade pública, da educación e das políticas sociais é o que fan estes orzamentos que vostedes se empeñan en rexeitar.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, é curioso escoitalos agora tan enfadados co goberno socialista. ¡Quen o diría hai un ano!, co alegres que estaban na investidura de Pedro Sánchez. Creo que xa non o recordan. Non sei se recordan aquela polémica con aquel «obrigado» que dixo Néstor Rego. A xente pensou que se trataba dun lusismo, pero a verdade é que nada que ver. Ese «obrigado» foi un ataque de sinceridade do Bloque Nacionalista Galego. Falloulles o subconsciente. O BNG está obrigado a darlle o seu apoio ao goberno de Pedro Sánchez faga o que faga con Galicia, *(Aplausos.)* porque están obrigados polos seus pactos en concellos e en deputacións. *(Aplausos.)* A vostedes non lles preocupa nada Galicia, o único que lles preocupa é manter os seus carguños nos gobernos municipais, nos gobernos provinciais, onde comparten goberno e bancada co Partido Socialista. Por iso están obrigados, obrigados a tragar, a tragar con todo. E nós imos defender Galicia por riba de todo, gústelles ou non lles guste, sen facer malabarismos como pretende demostrarnos día si e día tamén o Bloque Nacionalista Galego.

A verdade é que vivimos un contexto nacional de completa inestabilidade política. Tamén é verdade que ese contexto afecta as comunidades autónomas directa ou indirectamente, e tamén é verdade que a algúns de vostedes lles tería gustado trasladar ese escenario a Galicia. Pero o pobo galego xa decidiu o pasado 12 de xullo, decidiu apostar pola estabilidade política, decidiu apostar polo rigor e pola seriedade, decidiu apostar pola experiencia na xestión e polas certezas. Os galegos non quixeran experimentos, dixérono nas urnas, quixeron un goberno único e un goberno unido.

Mire, pasaron tan só seis meses daquelas eleccións, e aqueles que pretendían ser alternativa xuntándose ao día seguinte de perder as eleccións resulta que hoxe pasan o día pelexando entre eles, enganándose os uns aos outros. Tan só seis meses despois, en plena pandemia, socialistas e nacionalistas galegos pasan unha das súas peores crises de entendemento. ¿Imaxinan vostedes que esta pandemia a tivese que xestionar un goberno conformado por vostedes? Cada día escoitamos o pataleo e as lágrimas de crocodilo polo ninguneo de Pedro



Sánchez, polo ninguneo que lle fai ao Bloque Nacionalista Galego e a Ana Pontón. Pero sempre seguen mantendo os gobernos con eles, cos socialistas, nos concellos e nas deputacións.

Nas urnas e xa en plena pandemia recibimos un mandato contundente da cidadanía galega para xestionar esta crise e iso é precisamente o que estamos a facer. E vostedes recibiron tamén outro mandato. Os galegos dixéronlles que así non, e encargáronlles facer unha oposición distinta, unha oposición construtiva. ¿Saben o que ocorre? Que vostedes están en posesión da verdade absoluta, non escoitan a ninguén que lles diga o contrario do que vostedes pensan e non están dispostos a escoitar a ninguén. E, polo tanto, vostedes seguen erre que erre nesa postura que o que busca é a confrontación permanente, que o que busca é torpedealo todo sen ningunha posibilidade de acordo. Non están dispostos a sumarse a nada porque quen non pensa coma vostedes está equivocado. Dálles igual, ano tras ano, lexislatura tras lexislatura, o que digan os galegos. Sigán por ese camiño. Nós, dende logo, non os imos acompañar. Nós imos seguir centrados na xestión desta crise. Nós imos seguir loitando contra esta pandemia porque é o noso deber, porque é a nosa responsabilidade e porque é o noso compromiso con Galicia e cos galegos. Nós imos seguir loitando contra esta pandemia, contra a sanitaria e tamén contra a económica, e, se é necesario, imos facelo sen o apoio de ninguén, sen o apoio do Goberno de España, que está ausente, desaparecido, agochado, esperando a que pase a tormenta, máis preocupado polas eleccións catalás que pola toma de decisións que permitan evitar o avance do virus. O Goberno de España está desaparecido e non presta atención ao que lle demandan e precisan as comunidades autónomas.

E imos seguir tamén sen o apoio da oposición —se é o que vostedes pretenden—, que segue máis preocupada polo vantaxismo electoral que por outra cousa. Vostedes non lle fan oposición ao goberno de Feijóo, non lle fan oposición á Xunta, vostedes fanlle oposición a Galicia, fanlles oposición a todos os galegos. Porque, se non apoian o Goberno galego nestes momentos, ¿cando pensan facelo? Se non fan unha oposición leal e construtiva nestes momentos, ¿cando pensan facelo? Dígolles eu a resposta: ¡nunca!, ¡nunca! E por iso van seguir moito tempo sendo oposición.

Señorías, o Partido Popular de Galicia xa sacou a Galicia doutra crise —tan grave coma esta, probablemente—. E fixémoslo antes que a maioría das comunidades autónomas de España. Sabemos como facelo. É certo que cunha oposición leal e construtiva poderíamos saír antes desta crise, pero teñan por seguro que sairemos con ou sen vostedes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Coa forza de todos os galegos imos vencer esta tripla pandemia —a sanitaria, a económica e a social—. E os galegos, señorías, non esquecen. Lembrarán onde estivemos cada un de nós durante a pandemia. Lembrarán quen estivo á fronte do temón nos bos e nos malos momentos. Lembrarán quen arrimou o ombro e lembrarán tamén quen non o fixo.

Cando pase todo isto, señores do Partido Socialista, dentro de dous ou tres anos, os galegos botarán a vista atrás e lembrarán perfectamente o que fixo a Xunta de Galicia, pero tamén lembrarán que o PSdeG-PSOE nunca botou...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...unha man, porque estaba moi ocupado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...en ser leal servidor de Pedro Sánchez.

Non recordarán o nome de quen estaba á fronte do PSdeG-PSOE, probablemente, pero saberán que non foi útil para Galicia, e que o BNG estaba máis preocupado polos intereses do seu partido...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que por arrimar o ombro e defender Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado,...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...despois de partir o peito e falar tanto de patria e de nación.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Patria e nación nada, a vostedes o único que lles interesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado, terminou o seu tempo. Grazas.

(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o tempo, por favor. Grazas, xa está. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos agora co debate conxunto do estado de gastos.

Para a rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, señoras e señores deputados, estamos vivindo unha crise de enorme envergadura. Cando o Goberno empezou a elaborar este proxecto, tiña un planteamento, unha visión do que ía ser a realidade ao longo destes meses, e xa mudou de forma substancial. A visión que vostedes tiñan no proxecto de orzamentos que vostedes elaboraron no momento en que aspiraban a salvar o Nadal, no momento en que se opuñan ao estado de alarma porque había que chegar a unha Semana Santa co turismo repleto en España e en



Galicia, esa visión que vostedes plantexaban no diagnóstico da realidade veuse abaixo. E iso amosa non soamente que eses orzamentos que vostedes presentaban tiñan debilidades estruturais, falla de proxecto, falla de compromiso, senón que, ademais, os acontecementos recentes obrigarían a darlle unha maior capacidade de facer fronte a unha crise de tanta envergadura. Galicia necesita uns orzamentos para salvar unha crise de enorme envergadura. É bo que haxa orzamentos, pero os orzamentos que o Partido Popular elabora para esta crise non son bos. Desaproveitan a oportunidade de ter a capacidade de facer un maior nivel de gasto para corrixir as eivas e as debilidades do país e posibilitar protexer a xente ante a crise de maior envergadura. Os orzamentos non están á altura do que Galicia necesita, os orzamentos non están á altura do que os galegos e as galegas requiren, os orzamentos non teñen o dimensionamento para fortalecer o modelo do benestar, para rescatar os sectores económicos máis afectados e para reactivar a economía de cara ao futuro. Os orzamentos amosan unha incapacidade de xestionar a economía por parte dun goberno que se engana a si mesmo, que xoga ao autoengano, que prefire verse no espello do discurso dunha realidade que non é a que viven os galegos e as galegas.

Estamos ante unha crise de enorme envergadura, na que vostedes se atopan cuns orzamentos que dan unha maior posibilidade de gasto, cuns orzamentos que permiten responder con políticas contracíclicas, anticíclicas, con políticas expansivas, con políticas keynesianas; xustamente uns orzamentos que emendan todas as políticas económicas do Partido Popular durante once anos. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos que vostedes hoxe defenden dicindo que a posibilidade de gasto require unha posibilidade de implementación dende a Xunta, pero que iso é positivo porque supón ter maiores mecanismos fronte á crise amosan que durante once anos vostedes enganaron a Galicia con todos os seus discursos, que durante once anos, despois da gran recesión na que vostedes aplicaron políticas de recortes, na que vostedes aplicaron os axustes, a austeridade, vostedes aplicaron políticas económicas erradas para responder a momentos de crise económica, a dúas recesións económicas e a anos de desaceleración nos que había que recuperar o crecemento. E o balance deses once anos da Arcadia feliz na que Feijóo dixo que viviamos en Galicia amosa que en Galicia desapareceron 70.000 postos de traballo mentres en España se xeraron 685.000.

Ese é o balance de once anos antes da crise, pero chegamos á maior crise e atopámonos cun goberno do Partido Popular que non quere utilizar a posibilidade que dan os orzamentos expansivos, impulsados polas políticas socialistas e socialdemócratas que conseguiron cambiar a folla de ruta que había en Europa para atender esta crise e que conseguiron ter orzamentos expansivos en España e poder enviar cara á comunidade galega máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios entre fondos estatais e fondos europeos. Vostedes fan un documento contable con estes orzamentos, pero vostedes carecen de proxecto de país, de sensibilidade para atender a crise de maior envergadura e para fortalecer o Estado do benestar e de visión a medio e longo prazo para que nesta crise poidamos tratar que ninguén quede atrás. *(Aplausos.)*

Por iso lle temos que dicir que vostedes teñen a man tendida do PSdeG-PSOE dende o primeiro momento, pero vostedes desprezan o acordo e desprezan o diálogo. Desprezan o acordo cos grupos parlamentarios da Cámara, desprezan o acordo cos concellos de Galicia, desprezan



o acordo cos axentes sociais, desprezan o acordo cos galegos e coas galegas, porque, despois de que o Partido Socialista de Galicia presentase 570 propostas de modificación de gastos a estes orzamentos, o Partido Popular non aceptou nin unha soa. (*Aplausos.*) De 570, cero. E iso amosa a un Partido Popular enrocado na súa estratexia política sen entender o que está ocorrendo no país, sen querer acordos, sen querer aproveitar esta oportunidade de gastos que vostedes van xestionar, na que, se a desaproveitan, estaremos perdendo todos e todas.

A min gustaríame unha realidade distinta, gustaríame atoparme cun goberno da Xunta capaz de recoñecer as súas debilidades e a súa falla de capacidade para xestionar a economía do país en tempos de crise e de recuperación, pero tamén disposto a tender a man e a ter a permeabilidade necesaria para enriquecer e mellorar uns orzamentos que hoxe son un papel superado polas necesidades do noso país.

Esa falla de vontade de acordo desmente todas as declaracións feitas por parte do presidente da Xunta ao longo de toda esta pandemia. Atopámonos a un Partido Popular que soamente negocia con Casado, pero que non quere acordar cos galegos e coas galegas como saír adiante desta crise, que non quere escoitar o que está ocorrendo na hostalería, que non quere escoitar o que lles está pasando aos comercios do país, que esconde os proxectos europeos, que os agocha, que non quere fortalecer a sanidade coa posibilidade orzamentaria que dan estes fondos. Hai que cambiar. E seguirán tendo a man tendida do PSdeG-PSOE ante a maior crise, pero, sen dúbida, vostedes erran; erran cando non admiten unha soa proposta de modificación de gasto das 570 que o Partido Socialista de Galicia leva a estes orzamentos.

Por iso hoxe é un día no que vostedes aprobarán os orzamentos da Xunta de Galicia, pero vostedes desaproveitan unha oportunidade para chegar a acordos de país e conseguir que a recuperación sexa máis sólida, máis potente e máis fiable.

Os galegos e as galegas hoxe atópanse cun Partido Popular que presentou uns orzamentos para Galicia sen proxecto, sen alcance e sen medidas. E agora, cunha terceira onda máis grave que nunca, atópanse vostedes con que non quixeron facer unha soa modificación nos gastos destes orzamentos, a pesar de que vostedes elaboraron estes orzamentos pensando en salvar o Nadal e en ter un feliz 2021. A realidade da crise da covid obriga a replantexar a resposta económica que a Xunta de Galicia tiña prevista para o noso país, obriga a ter vontade de acordo e a chegar a grandes acordos de país.

E vostedes erran. Erran por moitas cousas, señor conselleiro, porque, cando nós falamos de protexer o benestar, temos que entender que hai mecanismos para facelo. Se chegan a Galicia máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios pola crise da covid neste 2021, ¿por que vostedes non aproveitan eses fondos para darlle máis peso a todo o social? Non o fan. O peso relativo nestes orzamentos en cuestións fundamentais como a sanidade ou a educación redúcese con respecto aos orzamentos do ano pasado. É dicir, a torta é máis grande porque dende o Estado español e dende a Unión Europea chegan máis fondos, pero cando vostedes teñen a torta máis grande seguen facendo para a sanidade e para a educación trozos proporcionalmente máis pequenos do que correspondería. E atopámonos cunha realidade que reclama máis porque hai que mellorar a sanidade, e mellorar a sanidade implica ter orzamentos que aposten por iso, porque se non fose unha cuestión de orzamentos ou vinculada



aos orzamentos, terían vostedes que cesar o conselleiro de Sanidade, xa que ou é falla de fondos ou é mala xestión; e eu creo que hai que dar máis fondos e dar máis xestión para a cuestión sanitaria. Porque cando vemos a situación da atención primaria cunha telemedicina na que todos os galegos e galegas saben que hai moitísimos problemas para conseguir citas, para ser atendidos, vostedes teñen que mudar. Porque cando vemos que se están reprogrando intervencións cirúrxicas que estaban programadas dende hai meses e se teñen que atrasar, é necesario mellorar o sistema sanitario. Porque cando hai problemas no plan de vacinación e aínda o Goberno de Galicia ten que explicar por que se puxeron 200 vacinas de forma irregular no Complexo Hospitalario de Pontevedra, vostedes teñen que mellorar. Porque cando no sistema de rastrexo seguimos na cola do conxunto de España, hai que mellorar. Porque cando temos un hospital psiquiátrico en Conxo con contaxios masivos, hai que mellorar a sanidade. E para mellorar a sanidade fan falta compromisos, xestión e tamén fondos. (Aplausos.) E vostedes carecen do compromiso cos fondos e teñen a necesidade de facer mellor xestión.

Pero isto vémosto en moitos ámbitos, porque, se imos ás políticas sociais, atopámonos tamén cun fondo problema; atopámonos tamén con que vostedes non aproveitan as posibilidades das políticas sociais para protexer a xente e tamén para impulsar a economía cando cae o consumo, cando cae o conxunto da demanda. Non cren nunha Xunta do benestar, vostedes cren no modelo económico que aplicaron a Galicia durante once anos, o dos axustes, o dos recortes, o do documento contable que equilibra un texto presupostario, pero que carece de visión para sacar o país adiante.

Vostedes, dende logo, viven nunha realidade que nós non compartimos, nunha idea de que os once anos de goberno do PP permitiron traer a Galicia unha situación moito mellor, pero ese Partido Popular que sempre fala de emprego, nunca quere falar do emprego en Galicia, que se ve pola poboación ocupada, polo número de traballadores que están ocupados no noso país. Cando cae o número de ocupados no país, Galicia é máis pequena, Galicia é máis cativa, Galicia ten menos posibilidades de futuro, e se vostedes non foron quen de conseguir ao longo dos últimos anos, con crecemento económico, xerar emprego, ¿como van xerar emprego nesta crise ou manter o emprego existente ante estas complicacións?

É por iso que necesitamos un novo enfoque que reforce as políticas sociais, por iso tamén fixemos emendas para conseguir que non se produzan os problemas que hai en tantos aspectos das políticas sociais, onde é necesario mellor xestión e máis fondos, e vostedes nin fan a mellor xestión nin promoven máis fondos.

Ao longo deste mes de xaneiro vimos moitos días como residencias de maiores tiveron contaxios masivos, como a de Vimianzo, ou como a de Leiro, ou como a de Tui, ou esta fin de semana aínda a de Sarria. Ou é un problema de xestión ou é un problema de fondos ou é un problema de ambas as dúas cousas. É necesario máis xestión e máis fondos, e diso se trata, de facer uns orzamentos, de adicar ás prioridades e de ter proxecto de país para desenvolvelos, porque os orzamentos non soamente son as contas, é o proxecto de país no que se gasta, e nós non podemos permitir desaproveitar esta oportunidade histórica para responder á realidade do país no que vivimos.



Pero si é necesario máis sanidade, máis política social, máis educación e máis educación pública. Nun momento en que en Galicia hai máis de dous mil nenos e nenas que non están asistindo ás aulas pola crise da covid ou que hai máis de cen aulas pechadas, haberá que desenvolver un plan de conciliación para que as familias do país poidan compaxinar a súa realidade laboral coa situación na que estamos vivindo. Este é un escenario que implica tamén máis gasto en xuventude, alí onde vostedes tamén recortan.

Estes orzamentos carecen de compromiso necesario para fortalecer a Xunta do benestar. Vostedes prefiren poñerse cos brazos cruzados, coma se isto non vai con vostedes, en vez de fortalecer unha resposta colectiva que constrúa o escudo protector máis potente para conseguir que ninguén quede atrás nunha crise de tanta envergadura. Pero se o Estado do benestar é unha cuestión fundamental na que vostedes non quixeron crer nin apoiar ningunha das propostas que nós levamos para mellorar estes orzamentos, o rescate da economía é unha parte fundamental.

Onte o presidente da Xunta de Galicia anunciaba restricións de maior contundencia para loitar contra o virus. Os socialistas galegos non cuestionamos cada unha das decisións que, baseadas nos informes do Comité Clínico, impliquen restricións para loitar contra os contactos e contra a covid, pero si exiximos que esas medidas restritivas vaian acompañadas dos rescates aos sectores máis afectados, aos sectores que vostedes pechan. As novas restricións que onte anunciou o presidente da Xunta de Galicia implican, para a hostalería, a cultura, o comercio e o deporte, un peche encuberto en moitos casos. Coas medidas de restricións que vostedes anunciaron hoxe estallle poñendo o cadeado a moita actividade en Galicia en comercios, en hostalería, en cultura e en deporte.

Nós non cuestionamos as restricións, pero pedimos que esas restricións vaian acompañadas dende o primeiro momento das medidas económicas para que eses negocios poidan sobrevivir. (*Aplausos.*) Á vez que vostedes van publicar no *Diario Oficial de Galicia* o conxunto das restricións para protexernos fronte á terceira onda da covid, teñen tamén que aprobar agora mesmo, dende o primeiro momento, cando están pechando os comercios, a hostalería, o deporte e a cultura, as medidas para que o país poida sobrevivir.

Non queremos un goberno galego que poña o cadeado aos negocios, aos comercios e á hostalería sen dar o seu apoio necesario para poder sobrevivir ante a crise de maior envergadura. E, para iso, increméntanse os fondos nestes orzamentos por riba dun 13 %. Para iso hai máis fondos, para poder impulsar esa reactivación, pero vostedes non o fan, non o fixeron no ano 2020. No proxecto do que vostedes falaban para autónomos e microempresas para o ano 2020, a conselleira xa recoñeceu aquí que en todo o 2020 o Goberno do Partido Popular puxo nas mans dos autónomos e das microempresas o seu proxecto estelar: 22 millóns de euros de forma efectiva. (*Aplausos.*) Así pecharon o ano 2020. Por certo, nese mesmo ano, no ano 2020, o Goberno de España remitiu en ERTE, en subsidios a desemprego e en protección aos autónomos máis de 1.200 millóns de euros aos galegos e as galegas. Ese é o Goberno que ao Partido Popular non lle gusta, o Goberno que apoia os galegos e as galegas con fondos fronte a un goberno que está de costas, cos brazos cruzados e non quere protexer o benestar e rescatar a economía.



Por iso lles pedimos que, máis alá de seguir vostedes no autoengano de dicir que todo o fan ben, hoxe mesmo anuncien o paquete de medidas necesario para rescatar a economía. Proñoñemos ao presidente da Xunta de Galicia, no momento en que se aproban os orzamentos, que se comprometa cos galegos e coas galegas hoxe mesmo e que á vez que lles pon o cadeado a milleiros de comercios, de hostaleiros, á xente do mundo da cultura e á xente do mundo deporte lles dea as posibilidades para sobrevivir ao longo do primeiro semestre do 2021. Ese é o maior reto que hoxe está na mesa. Ademais de poñer cadeados, poñan vostedes fondos para que a xente poida vivir e sobrevivir. *(Aplausos.)* Estes orzamentos non contan con ese plantexamento, porque o fixeron noutro momento e con outra prioridade.

Vostedes creron as súas propias mentiras, creron durante moitos días que non era necesario poñer o estado de alarma en España, porque era ter un custo reputacional terrible; vostedes creron que non había que ter un peche perimetral en Galicia; vostedes creron que non ían aplicar o toque de queda —díxoo o propio conselleiro de Sanidade nunha entrevista—; vostedes creron que a prioridade era salvar o Nadal, e, coa súa proposta de salvar o Nadal, puxeron a Galicia nunha situación moito máis complexa, e o peor de todo é que non están rectificando e basean todo en pechar pero non en apoiar. Por iso temos que apoiar tamén o país.

Este plantexamento é un plantexamento de país, cun Partido Popular que ten que baixar do pedestal para entender a situación de gravidade que viven os galegos e as galegas. E se fose certo que vostedes teñen esa vocación e ese talante, expliquen vostedes dunha vez por que de 570 emendas aos gastos do Partido Socialista vostedes non admitiron nin unha soa. É que cando os galegos escoitan isto saben que non hai ningunha vontade de cooperación, que vostedes están noutra estratexia, e xustamente por iso lles pedimos que cambien.

Vostedes, señor conselleiro, puxeron o traxe keynesiano en cuestión de quince días, pero o traxe non lles senta ben, axústalles moito, e non saben como camiñar co traxe keynesiano para poder facer o gasto que impulse a actividade económica do país, porque non cren niso. Vostedes son os dos recortes e seguen sendo os dos recortes. Vostedes son os da redución dos servizos públicos, porque cren no mercado, e seguen nesa liña. Vostedes son os que non queren unha Xunta do benestar e os que prefiren unha xunta dos brazos cruzados, con moita autopropaganda pero con poucas solucións. *(Aplausos.)*

Eu quero preguntarlles que expectativas teñen hoxe os galegos e as galegas cando se atopan con estes orzamentos. ¿Poden estar máis tranquilos hoxe os milleiros de autónomos do noso país, os milleiros de traballadores dos que as súas empresas ou microempresas dependen destes orzamentos? ¿Pode estar máis tranquilo hoxe o mundo da cultura con estes orzamentos? ¿Poden estar máis tranquilos hoxe os ximnasiaos con estes orzamentos? ¿Os galegos que ven que os seus fillos non poden ir ás escolas teñen hoxe unha solución á conciliación con estes orzamentos? ¿Ten a hostalería e o comercio unha resposta á situación de gravidade con estes orzamentos? ¿O medio rural pode atopar nestes orzamentos unha oportunidade de esperanza para reactivarse e poder funcionar? E, para a crise industrial, ¿que proxecto industrial hai detrás destes orzamentos para o conxunto de Galicia, para os polos industriais máis dinámicos, como pode ser o da Coruña, ou pode ser o de Vigo, pero tamén para tantas bisbarras en Galicia ou para unha situación como pode ser a da crise en Ferrolterra? ¿Que proxecto de orzamentos ten o Goberno da Xunta de Galicia? *(Aplausos.)* ¿Que propostas in-



dustriais teñen vostedes para que o país poida estar máis tranquilo? ¿Que propostas teñen hoxe vostedes para o sector sanitario, onde nos atopamos os profesionais superados, desbordados e que necesitan reforzo?

Eu creo, señores do Partido Popular, que vostedes erran no seu plantexamento de non asumir que para saír desta crise é mellor o acordo e saír todos xuntos. E creo que erran, a pesar de que lles desexo nestes orzamentos todos os éxitos para os galegos e para as galegas, porque serán os éxitos de todos. Creo que, se analizamos parte por parte cada un destes orzamentos, vemos que o rexeitamento ás propostas do Partido Socialista amosa esa falla de compromiso. Se falamos de I+D+i, ¿que resposta lles dan vostedes a tantos investigadores e núcleos de investigación en Galicia que ven que a ciencia aquí ten un nivel de gasto moi baixo? ¿Ou simplemente a tantos investigadores posdoutorais, aos que vostedes lles reducen os contratos laborais na crise máis grave que hai neste país? ¿Que respostas atopan aqueles que queren aproveitar os fondos europeos, porque, xunto ao benestar e xunto ao rescate, estes orzamentos deberían ser os das posibilidades da modernización, e non o son?

Vostedes falaron de 7 proxectos tractores, de 108 proxectos ocultos, e agora os proxectos xa están desaparecidos. Xa non existen os 108 proxectos que vostedes non ensinan nin amosan. Están emendándose a si mesmos cada día falando de novos proxectos porque saben que o señor Feijóo falaba de sete, pero cando veu que o lehendakari, no País Vasco, falaba de que tiña varios centos, el dixo que el tamén, para a reactivación, para a modernización, para a transición dixital, para a transición ecolóxica, e non tiña nada. Detrás disto haberá un problema no emprego, porque, se non teñen unha política económica para orientar a crise de maior envergadura, ¿que resposta lles dan vostedes aos galegos e ás galegas? E iso é o que se preguntan tantos mozos e mozas no noso país, que se están preguntando hoxe: ¿temos, cos orzamentos da Xunta, máis forza ou máis posibilidades para o futuro? Non hai esperanza nin futuro se o Partido Popular non aposta por impulsar o benestar e as posibilidades de emprego da xente máis moza. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos, ademais, supoñen un ataque moi claro ao municipalismo galego. Vostedes son fundamente desleais cos concellos de Galicia. No momento da maior crise, cando a Xunta de Galicia recibe máis de 1.100 millóns de euros procedentes do Goberno de España e dos fondos europeos, a Xunta de Galicia recorta os fondos de cooperación cos concellos de Galicia. Por iso lles pedimos que incrementen nunha partida de 100 millóns de euros un fondo extraordinario covid para repartir con criterios obxectivos entre os concellos que teñen que facer fronte a gastos extraordinarios que os poñen nunha situación moi dificultosa. ¿E que votou o PP? Non. O PP votou non a darlles máis fondos aos concellos, o PP votou non a unha emenda que quere incrementar en 62 millóns de euros os fondos para o rescate da hostalería, o PP votou non a moitas emendas para mellorar a sanidade, para ter máis persoal sanitario estable, para conseguir fortalecer a atención primaria. O PP votou non a todo aquilo que supón unha resposta socialdemócrata para ter unha maior protección da xente. E seguen vostedes ancorados nunhas políticas erradas.

É certo, señores do Partido Popular, que vostedes teñen unha maioría absoluta que lles dá a lexitimidade e o deber de gobernar en Galicia, pero as maiorías absolutas dan o poder pero non sempre dan a razón. As maiorías absolutas non son un cheque en branco para xestionar



calquera situación, e temos visto, aínda en tempos recentes, maiorías absolutas en moitos lugares do mundo, en sistemas parlamentarios ou sistemas presidenciais, que levaron a gobernos autoenganados a situacións esperpénticas que dificultaron a vida dos seus cidadáns.

Non crean vostedes que están no pedestal de que unhas eleccións lle deron o poder para ter un cheque en branco; unhas eleccións nas que votaron o 48 % dos galegos e galegas con dereito a voto e unhas eleccións que lles dan a responsabilidade de facer as cousas ben, pero creo que vostedes están errando nesa liña.

Vostedes fan un plantexamento —escoiteino hoxe mesmo aquí neste hemiciclo, nesta Cámara parlamentaria— de que as grandes culpas son do Goberno de España. Eu quero pedirlle ao Partido Popular que deixe de buscar un mecanismo para intentar de forma continua corroer o Estado das autonomías e para intentar rachar o modelo de Estado xerado no conxunto do país. Sexan leais coas súas propostas. Non é certo, señores do Partido Popular, que os problemas de Galicia sexan uns problemas derivados do Goberno de España. Vostedes teñen un estatuto que lles dá competencia de autogoberno. Vostedes levan gobernando a Autonomía galega durante máis de trinta e catro anos dos corenta que levamos á fronte desta Autonomía e teñen que ter a responsabilidade dos que queren gobernar. Esa é a realidade do noso país cando se van cumprir corenta anos do Estatuto de autonomía, e o Partido Popular gobernou en 34 deles. Nesa liña, sexan responsables do que teñen que facer. Deixen vostedes o discurso falaz de: España nos quita, España nos rouba, nós estamos por aquí de paso, e cando as cousas non van ben a culpa será do Goberno de España e ou dos cidadáns de Galicia porque non cumpren coas restricións. É un comportamento inmaduro e desleal, cando vostedes teñen que ser un partido de responsabilidade de goberno, tamén en Galicia. Xa sabemos que non o son en España, que o Partido Popular de Casado é a vergoña política da dereita do noso país. Pero o Partido Popular aquí, en Galicia, non pode manterse na irresponsabilidade de Casado porque é un partido que está no Goberno da Xunta. Teñen que abandonar esa escusa, a escusa duns orzamentos do Estado que son os que imposibilitan que dende a Xunta se poida gastar máis, porque non estaba iso cando vostedes gobernaban.

Pero eu escoito aquí o representante do Partido Popular —que o escoitaba cando viña— e quedo coa boca aberta. O Partido Popular atreveuse a falar da AP-9, cando mandou prorrogar a concesión da AP-9 ata o ano 2048 con Aznar como presidente do Goberno; o Partido Popular votou non aos orzamentos do Estado, que permiten rebaixar as peaxes; o Partido Popular condenou os galegos ata o ano 2048 a pagar peaxes na AP-9, ¿e cantos euros leva o Partido Popular nos orzamentos da Xunta para bonificar os gastos dos cidadáns que teñen que circular pola AP-9? ¿Con cantos fondos bonifican vostedes as peaxes da AP-9? (Aplausos.) E di a conselleira que non. Si, señora conselleira, si. O descoñecemento do Partido Popular é tan grande que non entenden que vostedes condenaron os galegos e as galegas a pagar as peaxes, que hai unha empresa que leva esa concesión e que calquera administración pode poñer fondos para conseguir rebaixar as peaxes da AP-9. Sesenta e tres millóns de euros do Goberno de España, cero euros da Xunta de Galicia, que quere que ata o 2048 paguemos peaxes pola AP-9. Iso chámase Aznar, Feijóo e PP. Esa é a responsabilidade da AP-9. (Aplausos.) Non admitimos leccións desta dereita que ten as súas responsabilidades. (Murmurios.)



Non nos van vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei que se poñen nerviosos; póñense nerviosos e colorados, porque cada un dos cidadáns que vai pagar a peaxe na AP-9 ¿sabe o que ve? A cara de Aznar nas casetas de pagar as peaxes da AP-9, e detrás vemos a Feijóo cobrando as peaxes, e nin un euro de bonificacións. Imos, dende logo, facer un cambio histórico na mobilidade de Galicia, cos fondos do Estado, fronte ao que vostedes non queren.

Si, señora conselleira, si, é que vostede ten que saber que noutras comunidades as administracións autonómicas bonifican tamén autoestradas que están en competencias similares ás da AP-9. Eu entendo que cando un ten a responsabilidade de explicar algo que é totalmente incongruente e polo que se teñen que pór colorados se incomodan. Entendo que á bancada do PP isto lle escoce, pero máis nos escoce a todos os galegos pagar as peaxes da AP-9 por culpa de Aznar, de Feijóo e do Partido Popular. E haberá un goberno que neste ano 2021 vai facer unha rebaixa histórica de bonificacións por 63 millóns de euros. Así que non lle admitimos ningunha lección moral polas súas irresponsabilidades e condenas á situación de Galicia.

É hora de darlles respostas aos galegos e ás galegas, é hora de ter uns orzamentos que teñan a capacidade de gasto que Galicia necesita. Vostedes elaboran uns orzamentos sen proxecto de país, sen compromiso co Estado do benestar e cos servizos sociais que Galicia necesita, sen medidas para o rescate económico dos sectores que vostedes pechan coas medidas de restricións onte anunciadas e sen planificación para a reactivación económica, para a modernización e para a innovación.

Ese é o balance duns orzamentos. Gustaríanos poder darlles o respaldo a uns orzamentos acordados e dialogados, pero están no pedestal da soberbia do Partido Popular, que xustifica todo coa maioría absoluta e non admite unha soa emenda de gasto das 570 presentadas polos socialistas galegos. Vostedes comprenderán que a nosa responsabilidade é a de desexar todo o éxito ao Goberno e a estes orzamentos, pero non podemos ser corresponsables deste traballo feito por vostedes; un traballo mal feito no que a Consellería volve saber facer documentos contables, pero non sabe dar resposta económica aos galegos e ás galegas.

Hoxe perdemos unha oportunidade para conseguir dar a resposta que Galicia necesita, a resposta que os galegos e as galegas esperan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Esperemos ao longo deste ano 2021 poder chegar a máis acordos dos que nestes orzamentos puido haber, porque dende o primeiro momento o PP decidiu non acordar co país, coas forzas políticas, coas forzas sindicais e co conxunto dunha Galicia que quere máis benestar e máis futuro.

Moitas grazas, señor presidente *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra, para fixar a posición, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Creo que estamos vivindo este debate nun momento no que, polo menos, teremos un punto de unión, e ese punto de unión é que estamos vivindo un desafío sen precedentes como sociedade no que temos que estar respondendo a unha pandemia que nos está deixando un custo elevadísimo en vidas, en consecuencias económicas, sociais e tamén emocionais que é evidente que non ten parangón en tempos de paz.

Por iso eu tamén quero que as miñas primeiras palabras neste debate sexan para ter un recordo para a parte máis dura desta pandemia, que son, sen dúbida, as persoas que nos deixaron, as persoas que perderon a súa vida. Están sumando xa 1.649 no noso país, e sabemos que esta cifra non deixa de medrar. Esta é a perda máis importante que temos que lamentar.

Queremos tamén enviarlles palabras de alento a miles de persoas que están loitando contra o virus nas súas casas, nos hospitais, a persoas que contraeron a enfermidade, pero tamén a uns profesionais sanitarios que chegan exhaustos a unha terceira ola (*Aplausos.*) e aos que temos que recoñecerlles o inmenso labor que están facendo.

E quero que quede tamén clara a vontade do BNG. E a vontade do BNG é arrimar o ombro nun momento no que o país está vivindo unha situación dificilísima. Estou convencida de que non teremos a razón ao cen por cento, pero algo temos que aportar, e paréceme un erro garrafal por parte do Goberno da Xunta de Galiza que veña a este debate co piloto automático do absolutismo inútil que non aporta absolutamente nada e que non acepta nin unha sola proposta do BNG, ¡nin unha soa proposta!

Paréceme que é o retrato dun goberno que, efectivamente, ten maioría absoluta para gobernar, pero que está rexeitando que poida haber acordos a favor de Galiza nesta Cámara, por mínimos que sexan. Creo que é un mal punto de partida, e desde logo eu creo que estamos nunha situación moi difícil na que todos e todas temos algo que aportar. Lamento que a aportación do Partido Popular sexa ese rodillo do absolutismo que non quere ter en conta ningunha reflexión a respecto do futuro do país. Creo que aínda están a tempo de rectificar, porque, desde logo, eu son das que estou convencida de que este país vai saír adiante porque temos xente traballadora, temos capacidade, temos talento, pero tamén creo que todo ese potencial necesita máis que o que o Goberno galego dá nestes orzamentos e que o que está deseñando neste momento.

Desde logo, para que ese potencial se poña en marcha, necesitamos un goberno que teña un plan de futuro para Galiza, un plan de futuro que non é seguir no tran, tran de sempre, de políticas fracasadas. Necesitamos tamén que o Goberno sexa consciente de que a medida económica máis importante que se pode adoptar neste momento é salvar vidas e practicar unha política na que se sexa consciente da realidade, porque eu creo que o que necesita este



gobierno é baixar do coche oficial, da burbulla de San Caetano, e ser consciente de que estamos vivindo unha situación dificilísima para moita xente, que non se soluciona con notas de prensa, con propagandas nin coas mesmas proclamas de sempre. E desde logo que non a van solucionar facendo de oposición á oposición, (*Aplausos.*) que dá a sensación de que é o que fan constantemente neste Parlamento.

En todo caso, señorías, eu creo que teñen que rectificar, porque até o de agora, lamentablemente —e dígoo de verdade—, o que tivemos foi un goberno da Xunta que foi por detrás do virus; tiveron que pasar vinte e cinco días para que tomara decisións, a pesar de que a pandemia estaba descontrolada.

Vemos un señor presidente da Xunta ausente neste debate e que, en vez de asumir as súas responsabilidades, lles bota a culpa da situación aos galegos e ás galegas. E tamén, lamentablemente, temos un goberno central que parece que a principal preocupación que ten neste momento está en Cataluña e nas eleccións e non en controlar o virus. Nós, insisto, cremos que a situación é o suficientemente grave como para que abandonen ese piloto automático do absolutismo inútil, ese piloto automático que leva a que non acepten nin unha das 505 propostas do BNG, onde mobilizamos 1.500 millóns de euros. Algunha emenda entre esas 505 debería de ser útil neste momento.

Eu creo que é un erro, e sobre todo que deberían de reaccionar, porque estes orzamentos teñen que ser reorientados xa que a situación está superando o Goberno, e estes orzamentos están obsoletos antes de ser aprobados. É que ata vostedes mesmos tiveron que recoñecer que a súa proposta económica estrela, que era o Xacobeo, a van ter que reformular porque é evidente que as previsións que tiñan —lamentablemente— non se van corrixir. Eu, dende logo, lamento que a súa concepción do diálogo sexa non dialogar, que non acorden nada con ninguén e que non se senten en ningún momento nin a valorar ningunha proposta, cando temos vontade de sacar adiante o país. (*Aplausos.*) Creo que é un erro garrafal e creo, de verdade, que por Galiza, polos galegos e polas galegas, estes orzamentos deben de ser reorientados.

Porque nunha situación como esta eu creo que tamén é importante, polo menos, que aproveitemos para facer algunha reflexión. Nós —dicíao antes— a primeira medida da que falamos no ámbito económico é de salvar vidas. Xa vimos a onde nos levou ese enfoque errado de salvar o Nadal que vostedes predicaban hai uns meses. Polo tanto, nós, desde logo, agardamos que as medidas que se teñen posto en marcha sexan útiles, aínda que nos parezan en moitos aspectos que van a medio gas, e sobre todo que isto se acompañe de medidas que nos permitan reorientar as grandes decisións en materia sanitaria, en materia social, en materia de rescate dos sectores que necesitan neste momento axuda, porque o certo é que até o momento a Xunta vai por detrás da realidade.

Polo tanto, eu creo que o sensato é reorientar estes orzamentos neste momento, e estamos nun punto no que é posible aínda facelo. Se temos que atrasar unha hora, dúas horas a votación, fagámolo, pero podémonos sentar e valorar as propostas alternativas para que estes orzamentos sexan útiles nun momento no que estamos vivindo unha crise sen precedentes.

E nós dicimos desde o BNG que estes orzamentos están obsoletos e que non dan resposta aos retos que ten o país por catro razóns fundamentais:



A primeira é porque non reverten os graves recortes que puxeron contra as cordas a sanidade pública do noso país.

En segundo lugar, porque non hai un rescate real dos sectores económicos que máis están sufrindo a crise e que, polo que vemos, van ter unha crise máis aguda do que vostedes prognosticaban cando fixeron estes orzamentos.

En terceiro lugar, porque non adican nin un só euro a poñer en marcha un novo modelo de cidadados dos nosos maiores.

E, en último lugar, porque tampouco deseñan unha nova política económica que permita que o país se poña en marcha e que aproveite o enorme potencial que temos para saír desta crise.

Nós, polo tanto, queremos facerlles un chamamento á reflexión, a que abandonen o absolutismo inútil e a que estean dispostos a dialogar e a que teñamos acordos para que nestes orzamentos cheguemos a grandes consensos en catro ámbitos.

No primeiro, en reforzar realmente a sanidade pública e dotala dos medios necesarios, non só para loitar contra a covid, senón tamén para coidar a todas as persoas, porque estamos vendo como a falta de previsión deste goberno leva a que xa volvamos estar cancelando operacións e tratamentos que son importantes.

En segundo lugar, cremos que é clave que haxa un rescate real dos sectores que están neste momento pagando as consecuencias desde o punto de vista económico. Falamos da hostalería, pero falamos tamén do turismo, falamos da cultura, falamos do ámbito do comercio e falamos de moitas actividades económicas que van sufrir neste momento unhas restricións moi importantes e que teñen que ir acompañadas si ou si de axudas, porque, se non, o problema é que hai moita xente que non vai ter para comer nos próximos meses.

En terceiro lugar, é necesario reformular toda a política de atención aos nosos maiores, que teñen dereito a que a súa velez non se converta nun negocio de empresas que especulan cos seus dereitos. (*Aplausos.*)

E, por último, é importante que pensemos no futuro e que preparemos a Galiza do futuro cun novo modelo económico que realmente aposte por poñer a producir o noso país e que sexa un modelo económica e socialmente sustentable.

Estas son algunhas das leccións que nos deixa esta gran crise que estamos vivindo neste momento. Aprender das leccións que nos deixa unha crise como esta é unha obriga ética e moral, e é o único que podemos facer se realmente queremos saír fortalecidos dun momento tan difícil como o que estamos vivindo.

Eu creo que o Goberno non tomou nota nin está aprendendo das leccións que nos deixa esta crise. A primeira delas é a importancia dos servizos públicos, nomeadamente da sanidade pública. E digo que non aprenderon desta crise, porque, cando analizamos con detalle os



seus orzamentos, o que vemos é que non aprenderon esa lección. E non o fan cando vemos como o peso relativo da sanidade baixa nos orzamentos e pasa de significar o 33,8 % do orzamento ao 33,5 %. Non o fan cando vemos como a atención primaria —que é un elemento central para poder afrontar a pandemia; non son a punta de lanza neste momento de loita contra a covid— ten menos recursos que hai doce anos; concretamente, 100 millóns de euros menos, cando teñen que atender unha pandemia que está poñendo todo patas para arriba.

A terceira cuestión que nos preocupa, pois si, é a deterioración da saúde pública en xeral, porque estamos vendo que tiñamos xa un problema, con listas de agarda moi elevadas en operacións, en primeiras citas para poder ter unha valoración da enfermidade, e o que vemos é que a covid fixo que todo isto se incrementara dun xeito alarmante. Estes días viamos, por exemplo, uns datos que nos parecen preocupantes e que a calquera responsable público o deben levar a actuar, a reflexionar. Hai un estudo que fixeron asociacións do ámbito sanitario e do ámbito social, que traballan na atención a persoas con cancro, que valora cal foi o impacto sanitario do coronavirus na atención hospitalaria. E o que nos din é que o número de pacientes con cancros novos baixou durante o confinamento un 21 %, que hai un descenso moi importante do número de tratamentos, que descendeu o número de persoas atendidas nos hospitais de día un 14 %, que se observa unha diminución da actividade diagnóstica de cancro e que baixaron un 30 % as citoloxías e un 23,5 % as biopsias. Creo que estamos falando dun tema o suficientemente serio como para que houbera unha reacción á altura do desafío e da importancia da saúde, que, desde logo, non vemos nestes orzamentos. E tam pouco vemos que estes orzamentos devolvan eses aplausos e ese recoñecemento aos traballadores e traballadoras da sanidade pública, que o que necesitan é que se poña punto final a unha precariedade que os leva a estar exhaustos á hora de abordar unha terceira onda na que teñen unha situación moi difícil.

Señor conselleiro, non se trata de facer así, (*A señora Pontón Mondelo fai un xesto coa man.*) botando balóns fóra, trátase de que o seu goberno, coa súa responsabilidade, actúe. E nós presentamos emendas por valor de máis de 120 millóns de euros nas emendas parciais para que haxa un novo modelo de atención primaria, para poñer fin á precariedade, para que haxa un plan de continxencias e para garantir que a sanidade pública se dote para facer fronte ás ondas da covid, pero tamén para atender as necesidades doutras enfermidades que seguen aí e que non podemos permitir que non se atendan ou para reforzar un sistema de rastrexo que estamos vendo que non foron capaces de dimensionar para poder facer unha das cuestións que era fundamental, que é que cando hai un brote é necesario rastrexar para evitar que haxa contaxios. Estas son propostas do BNG no ámbito sanitario ás que vostedes lles van pasar o rodillo do absolutismo inútil única e exclusivamente porque non queren dialogar. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, quero referirme a un tema que nos parece que é moi importante, e é o rescate dos sectores afectados. Hoxe, ás doce horas —á noite—, entrarán en vigor novas restricións que afectan a hostalería, o turismo, a cultura, os ximnasiaos, as axencias de viaxes, o comercio...; actividades que engloban unha parte moi importante do PIB e do emprego. Pero é que nesa orde só hai restricións, non hai a orde de axudas para rescatar estes sectores económicos, (*Aplausos.*) que era o que tiña que haber se houbera previsión. (*Aplausos.*)



Vostedes, desde logo, o que están é demostrándonos que son un goberno que chega tarde e que improvisa, porque, ademais, o grave é que o propio presidente da Xunta dicía que sabía que íamos chegar a unha situación moi grave despois da súa operación de salvar o Nadal, e xa non é só que non evitara que chegara esa situación, é que non se preparou para poder acompañar as medidas de restrición de axudas reais dun rescate para eses sectores; e o que fan é, coma sempre, dedicarse a facer oposición aos demais. Eu lamento que o vicepresidente da Xunta —hoxe tamén ausente neste debate—, en vez de buscar un acordo cos concellos e coas deputacións —porque temos vontade, e así o quero deixar clarísimo desde esta tribuna; desde o BNG temos a vontade para arrimar o ombro en todas as institucións nas que estamos para que haxa esas axudas—, en vez de buscar esa colaboración, en vez de sentar realmente coa vontade de chegar a acordos, parece que está máis preocupado por facer tamén de oposición ás deputacións e aos concellos deste país; *(Aplausos.)* cando o que se necesita é un goberno que traballe realmente para poder saír adiante. *(Aplausos.)*

Hoxe tamén podemos chegar a acordos nesta Cámara nese ámbito. Nós temos emendas por valor de 80 millóns de euros para que estes sectores económicos incrementen as axudas directas que necesitan. E, desde logo, teñen a man tendida do BNG para poder chegar a acordos neste ámbito.

En terceiro lugar, vou referirme a un tema que cremos que é desgarrador e que necesita —eu creo— que se depuren responsabilidades, pero sobre todo que se corrixan os erros para non volver repetilos, que é todo o que pasou nas residencias. Vemos que chegamos agora á plena campaña de vacinación cunha situación na que os gromos seguen producíndose. E a nós, por moito que vostedes intenten normalizalo, non nos parece normal nin tolerable que un colectivo de 22.000 persoas concentre case a metade dos falecementos por covid, porque precisamente nas residencias debería de ser onde fose máis fácil poñer medidas de contención da covid, xa que é un contorno controlable. Se non son capaces de protexer unha poboación que está nunhas residencias, ¿como van ser capaces de protexer o conxunto da poboación? O que necesitamos neste momento é non só analizar qué pasou e que as empresas responsables desa xestión teñan algo máis que un expediente que se abre, pero que logo non chega a ningún lugar; realmente temos a obriga ética e moral de cambiar ese modelo de residencias e de deixar atrás unha concepción na que un dereito fundamental se converte nun negocio ou en obxecto de beneficencia. *(Aplausos.)* Este é un dereito e hai que garantilo con fondos públicos. *(Aplausos.)*

E o retrato do Goberno galego neste ámbito é que é demoledora a desatención dunha cuestión tan importante como é coidar os nosos maiores despois dunha vida de esforzo. Levamos doce anos onde este país, este goberno case ausente en pleno debate desta cuestión, non construíu nin unha soa nova praza en residencias públicas, ¡Doce anos! Si, iso si, prometeunos 7 residencias nas sete grandes cidades durante moitos anos e, ao final, tamén vemos que esas residencias non as vai facer o Goberno galego.

Esta situación lévanos a que a Xunta de Galiza incumpra as recomendacións da OMS, pero incumpra tamén a Lei de dependencia. A Lei de dependencia di que o máximo para esperar por unha praza nunha residencia pública son seis meses. ¿Sabem canto se tarda en Galiza en obter unha praza? Como mínimo, dous anos. Ese é o retrato da súa política neste ámbito; e



con situacións que logo están levando a feitos que provocan moito desarraigo, porque hai persoas, por exemplo, que poden vivir en Marín e ter a súa nai nunha residencia na Rúa. ¿Como se vai manter o contacto social cando o modelo público o que fai é desarraigar as persoas? E o grave é que vostedes, en vez de estar rectificando e de estar realmente actuando nestes orzamentos para cambiar o modelo, o que fan nos orzamentos da Xunta de Galiza é dedicarlle cero euros para un novo modelo dos coidados. E iso é o que queremos cambiar coas nosas emendas, (*Aplausos.*) nas que apostamos realmente por que se incremente o número de prazas públicas, por que se despreague un novo modelo de residencias que non pode ser de macrocentros e por que se garanta a atención no fogar o máximo tempo posible. E aí tamén queremos nomear unha realidade que nos parece moi preocupante, e é a necesidade de que se dignifique o servizo de axuda no fogar con máis recursos, con máis medios e recoñecendo o labor que fan estas traballadoras —e digo traballadoras, porque na súa maioría son traballadoras—, que están sufrindo unha precariedade da que a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade directa. Polo tanto, tamén neste ámbito cremos que é importante que poidamos avanzar.

A cuarta cuestión á que me quería referir é á necesidade de reorientar todo o que ten que ver coa estratexia económica. E aquí hai unha parte da que non imos poder ter este debate nos orzamentos, pero tamén quero deixar clara a nosa preocupación. Claro, se a grande esperanza branca que temos no tema económico son os fondos *Next Generation* e nós non coñecemos cales son os proxectos do Goberno, isto eu creo que é unha primeira anomalía, non porque non coñezamos os rótulos nin os *powerpoints* que nos envían, senón porque non sabemos cales son os proxectos reais, quen está detrás e a quen se quere beneficiar. E o que nos preguntamos é por que se ocultan eses datos que son tan importantes.

E o que tamén queremos deixar moi claro é que a reorientación económica non pode ser que as grandes empresas do IBEX 35 acaben repartíndose os fondos (*Aplausos.*) mentres a xente traballadora deste país, da pequena e mediana empresa, o que ve é como non vai ter acceso a uns recursos que son importantes e necesarios para modernizar a nosa empresa, para apostar realmente pola transformación dos nosos sectores económicos, para modernizar o potencial que temos no agro, na pesca, para rescatar os nosos sectores produtivos ou para facer unha aposta real por que este sexa un país onde a innovación, o talento e a ciencia sexan un elemento de desenvolvemento. Ese é o modelo económico no que desde o BNG cremos que hai que avanzar, pero vemos que parece que o Goberno galego non vai nesa dirección.

Preocúpanos que non sexan conscientes de moitas das debilidades que temos, porque Galiza —eu sempre o digo— ten un potencial enorme, pero iso non quere dicir que non haxa aspectos nos que non sexa importante cambiar o foco e que a Xunta de Galiza sexa consciente tamén das debilidades e de como corríxilas. Un problema que temos é que o emprego cada vez é máis precario e é menos, porque temos menos xente traballando que no ano 2009, e iso é un problema gravísimo de país, de precariedade, polo que se lle está ofrecendo á xente nova un futuro que non é o que lle deberíamos de dar nunha terra que ten a riqueza que ten Galiza, pero tamén porque estamos vendo como esa concepción leva a que moitísima xente emigre. E, claro, aquí falamos moito do impulso demográfico, pero o maior impulso demográfico e onde deberíamos de actuar xa é en evitar que a xente nova marche pola falta de oportunidades, e esa é unha responsabilidade do seu goberno. (*Aplausos.*)



Preocúpanos tamén que vivimos nunha Galiza cada vez máis desigual. A covid fixo que aumentara a pobreza, fíxense, a pobreza relativa no noso país. A situación que tiñamos antes da covid era que había máis de medio millón de persoas, 552.869 persoas, en situación de pobreza. ¿Que pasa despois destes meses? Pois que medrou un 10,8 % a pobreza en Galiza. E se analizamos, por exemplo, o índice Gini, que mide a desigualdade, tamén vemos como ese índice subiu e que hoxe temos un 3,68 % máis de desigualdade. Polo tanto, o que vemos é como tiñamos un problema grave no país que se agudiza neste momento pola situación de crise. E, de verdade —non se alporicen—, o que lles debería de molestar aos deputados e deputadas do PP é que medre a desigualdade, non que se denuncie neste Parlamento. (*Aplausos.*) Sinceramente, creo que esa debería de ser a cuestión.

Tamén observamos con preocupación algunhas análises que se teñen feito públicas recentemente, por exemplo, do Observatorio GECE, que di que Galiza está nunha mala situación en termos de competitividade. Estabamos un 4,6 % por debaixo da media estatal no peso en empresas altamente competitivas; polo tanto, isto é unha cuestión que nos debe de preocupar, porque temos que actuar neste tipo de cuestións. E temos que facer da nosa economía unha economía con empresas máis competitivas e con empresas que teñan unha maior intensidade tecnolóxica. Aquí temos índices que o que nos están dicindo é que a evolución é moi negativa, e en todo isto tamén inciden as políticas públicas, e as políticas públicas que se teñen feito, por exemplo, no ámbito da I+D+i, onde Galiza, despois do seu goberno, ten un investimento que é hoxe menor neste ámbito que o que se facía no ano 2008. Galiza inviste no ámbito de I+D+i un 0,97 % do PIB, que está moi lonxe do 1,96 % de Euskadi ou do 3,13 % de Alemaña. Creo que nós temos que aspirar a situarnos na cabeza e non na cola, como nos situaron vostedes.

Esta situación tamén fai non só que se reduciran moito as empresas no ámbito da innovación —desapareceron a metade das que tiñamos antes da súa chegada ao Goberno—, senón tamén que haxa unha fuga de talento que é moi importante e que supón unha perda en termos económicos, pero tamén en termos de futuro de país, que debería de ser unha das principais preocupacións que vostedes teñen. Xa sabemos que non é así. En todo caso, nós volvemos propoñer que é necesario que exista un pacto galego pola ciencia e a innovación, e tamén temos emendas que van nesa dirección, para reforzar o sistema galego de investigación, para mellorar as condicións laborais e salariais dos nosos investigadores e investigadoras e que fagan deste un elemento central de desenvolvemento. Ou con propostas como un programa de retención e captación de talento que siga a estela do que xa se ten feito noutras partes e funciona, e as referencias son moi claras tanto en Euskadi como en Cataluña para que, polo tanto, aprendamos do que outros fan ben. Creo que a humildade en política é importante e aprender do que os demais fan mellor penso que nos fará máis fortes como país. É o que nós facemos. E, desde logo, se algo nos ensinou esta pandemia é que os países que apostan polo coñecemento, pola ciencia, pola investigación, teñen unha mellor resposta ante as pandemias e son economías con máis capacidade de resiliencia, e iso é o que nós queremos para o noso país.

Remato, porque é evidente que se me vai esgotando o tempo e que, en todo caso, quedan moitos temas que non tocaron e que non imos poder abordar. Pero si hai dúas cuestións que para o BNG son importantes e ás que tamén quero facer referencia nesta intervención. Unha



é que a covid, efectivamente, é unha situación de emerxencia, pero non pode evitar que apartemos da axenda aspectos que son importantes. Para o BNG a axenda feminista ten que estar sempre presente, e seguimos tendo un problema grave de violencia machista no noso país, que non desapareceu, senón que mesmo vemos como en situacións en que as relacións sociais son máis complicadas —como van ser na covid— as mulleres son máis vulnerables. Polo tanto, o que pedimos é que reforcemos os medios para loitar contra a violencia machista. Insistimos nas nosas emendas en destinar 40 millóns de euros para loitar contra unha violencia que é inasumible como sociedade e tamén en que poñamos o foco na desigualdade de xénero, porque a covid non afecta igual homes e mulleres. Estamos vendo como a precariedade é moito maior nas mulleres e que os ERTE están afectando neste momento máis as mulleres; polo tanto, hai unha maior necesidade de incidir en que estas mulleres teñan unha oportunidade. Acabar coa precariedade deses empregos que son imprescindibles nesta crise é unha obriga ética que temos como sociedade e, desde logo, gustaríanos que tamén algunha destas emendas se puidese aprobar.

E, por último, quero facer fincapé en que tamén necesitamos fortalecer o noso idioma, que é unha riqueza, que non é unha fonte de conflito, e que debería de ser un elemento central de desenvolvemento do noso país, pero vemos como sistematicamente é maltratado por parte dos orzamentos da Xunta de Galiza. Nós propoñemos destinar 10 millóns de euros a esas políticas que permitan que o galego teña futuro, porque detrás do futuro do galego está o futuro de Galiza.

En definitiva, señorías, hai outros orzamentos posibles, e eu pídolle ao Partido Popular que non vote en contra de todas as propostas que presentamos desde o BNG, porque eu creo que quen goberna ten a obriga de fraguar acordos, de dialogar e de buscar consensos, máxime cando —eu falo polo Bloque— temos expresado a nosa vontade para poder transaccionar aquelas emendas nas que o Partido Popular considere que o elemento de onde se detraen os fondos non é o axeitado, porque creo que nun momento como este, en que a cidadanía está facendo un esforzo tan grande, neste Parlamento debemos devolverlles algo máis que o típico debate onde todo está escrito.

Creo que sería importante que hoxe nesta Cámara houberse acordos, e, desde logo, a vontade do BNG é que poida haber acordos para blindar a sanidade pública, para apostar por un novo modelo de coidados, para ter uns orzamentos que reactiven o país e uns orzamentos que coiden a Galiza de hoxe e que pensen na Galiza do futuro. Esa é a nosa intención á hora de presentar emendas a estes orzamentos, e eu lamento que topemos co muro do absolutismo inútil.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.



O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

O día 21 de decembro, hai apenas cinco semanas, faciamos neste pleno o primeiro debate sobre as contas para o ano 2021, e hoxe estamos xa no momento da aprobación definitiva. É certamente un momento difícil. Sempre queremos amosar a nosa solidariedade cos que sofren a enfermidade, cos profesionais da saúde e con todas aquelas persoas —que son moitas— que están a desenvolver o seu traballo responsablemente, con protección e con garantías de seguridade no seu posto de traballo. E iso é o que nós estamos a facer hoxe desde os nosos postos representativos e creo que, con independencia do resultado final —que, loxicamente, vai ser máis satisfactorio para a maioría que para as minorías da oposición—, debemos comezar por celebrar un éxito que é conxunto, que é de todos, no que eu quero agradecer a todos os grupos terse esforzado, con independencia das datas, das festas, das dificultades implícitas da pandemia, por aprobar nesta rápida marxe as contas para 2021, porque, con independencia do seu contido, o certo é que todos estamos traballando para intentar traer as nosas mellores propostas para recuperar Galicia. E fixémoslo, ademais, con satisfacción —que isto é algo que tamén é común para todos, a satisfacción—, cumprindo todos os trámites formais previstos. Non houbo vetos a ningunha emenda, non houbo atallos formais para a aprobación destas contas; fixéronse todas as comparecencias, que non se reduciron, e viñeron os representantes do Goberno, dos órganos institucionais.

Recentemente, un importante senador socialista, Manuel Cruz, escribía no *País* a súa tristura polo feito de que no Senado os trámites da Lei de educación e da Lei de orzamentos pasasen con celeridade e sen ter apenas debate, reducíndose os prazos, etc. Vostedes falan aquí de que non aprobamos ningunha emenda. No Senado presentáronse 3.600 emendas e ningunha foi aceptada. E, ben, isto ten tamén a súa compoñente de normalidade, dadas as características do debate orzamentario. Pero, ben, o certo é que hoxe estamos aquí creo que co éxito colectivo de ter sido capaces de, a pesar da pandemia e das circunstancias, poder contar cuns orzamentos, porque, como dixo un portavoz, con independencia de que sexan mellores ou peores, hai un dato que é certo, e é que é bo que nestas circunstancias haxa uns orzamentos vixentes e adaptados con maior ou menor fortuna —nós, desde logo, pensamos que con maior— á actual situación. Porque a situación actual é realmente dramática. En España o crecemento da produción no 2020 é o peor do dos países avanzados. Estamos nunha caída próxima ao 12,6 % do PIB, que, afecta, ademais asimetricamente, como se dixo, a turismo, hostalería e tamén, por sectores sociais, fundamentalmente as mulleres.

Esta contracción tan brutal, afortunadamente, en Galicia parece que é máis tenue. Recentemente, o Foro Económico de Galicia, no seu informe de conxuntura, falaba de que o ano pasado o iamos pechar co 6,2 % de caída do PIB, que é substancialmente menos, e, ademais, con comportamentos mellores no que é a demanda interna e externa, que cae catro puntos practicamente menos que a nacional, cun gasto das familias que cae tamén tres puntos —case catro— respecto do nacional, e con actividades de oferta como as profesionais que caen tres veces menos que a española ou con manufacturas que caen a metade que as españolas.

Temos tamén un problema de paro. España volve estar no paro no que estaba, cun millón máis de parados que a finais do ano 2009. Pasamos de 3 a 4 millóns de parados e, ademais,



hai 750.000 persoas en ERTE. Isto tráenos ao ano 2013. Así como a cifra anterior de crecemento nos levaba moi atrás —en termos de PIB *per cápita*, a cifra de PIB do ano 2020 retrocede ata o ano 2000—, no tema do emprego o que volvemos é ao peor da crise anterior, volvemos a cifras do ano 2013.

Pero novamente nisto Galicia ten un comportamento menos malo. O paro é do 11,8; en España é do 16,3 —nos últimos datos coñecidos, feitos públicos—. O crecemento, ademais, está sendo moi superior, en termos interanuais, en España: en decembro en Galicia creceu o paro o 14,69 —en termos interanuais, que son os que realmente miden a evolución da economía ao longo do tempo e, polo tanto, o impacto completo da crise— e en España creceu o 22,9. E mesmo nas afiliacións a caída é lixeiramente menor en Galicia: o 1,7 en Galicia e o 1,86 en España.

E tamén hai un problema grave na economía española: o déficit público. A Comisión Europea calcula que é do 12 e as contas que se están anunciando nos poñen no 11 —aquí o retroceso é ao ano 2009—. Os esforzos para volver ao 3 % xa sabemos o que custaron; o 3 % alcanzouse no ano 2018 e no ano 2019 volveu subir o déficit público en España. Sabemos o que custa reducir o déficit público, que é a única maneira de facer que a débeda pública sexa sostible. No ano 2019, era o 95 %, no 2020, vai ser o 114 %, e a Unión Europea calcula que chegará ao 120 %. E xa sabemos, polo esforzo de Maastricht, o que implica reducir a débeda pública a niveis como os que recomenda a Unión Europea do 60 %.

Certamente, tamén nisto estamos mellor. Na débeda, en relación co PIB das comunidades autónomas, Galicia salienta. No ano 2009 a media das comunidades autónomas representaba o 8,7, pero hoxe é do 23,7. En Galicia, en cambio, no ano 2009, era o 8,6 e agora é o 17,5. En España, a media multiplicouse por tres e en Galicia multiplicouse por dous. É un crecemento moi importante, pero moito menor que o do conxunto de España. De feito, na propia crise —datos do Banco de España de setembro do 2020—, a débeda media das comunidades autónomas de España pasou do 23,7 % do 2019 ao 26,3 %, e en Galicia pasou, en cambio, en setembro de 2020, ao 19 %; do 17 % ao 19 %. É dicir, estamos 7 puntos de PIB por baixo da débeda autonómica media.

E a débeda contívose porque o déficit tamén se contivo. Levamos dous anos xa tendo equilibradas practicamente as contas públicas e, de feito, evidentemente, o déficit público global para todo o período de Galicia desde o ano 2010 ao 2019 foi do 9,6, cando a media das comunidades autónomas é do 15,58. Do 2012-2019, Galicia, o 5 %; a media, o 9 %.

Estamos, polo tanto, nunha menos mala situación tamén, porque fixemos ben as cousas ao longo do tempo, e precisamente iso é o que nos dá maior capacidade de reacción para as tres tarefas que temos por diante: salvar a pandemia, crear emprego, apurar o crecemento, facer que a economía creza e, ademais, unha que ninguén mencionou pero que é importante e que estas contas tamén facilitan, que é ter orde nas contas do futuro, porque antes ou despois, como todo o mundo está dicindo, incluída a Comisión Europea e algún membro do Goberno, teremos que facer contas para axustar o gasto público e recuperar un equilibrio estrutural das nosas contas.



A situación é menos mala en todos os sentidos, e iso ten varias causas: o impacto da crise foi mellor en Galicia; na economía galega houbo menos medidas que implicaron diminucións da produción como consecuencia da pandemia; e, pese a iso, tivemos unha xestión da pandemia con datos sempre mellores que os da media do conxunto do Estado. Polo tanto, chegados a este punto, eu quixera facer algún repaso sobre o que hoxe se dixo aquí, antes de explicar —que é o que se demanda— por que non puidemos aceptar máis emendas.

Cando os discursos son longos, incórrase en certas incoherencias; eu confío en non ter moitas. Dixo antes a portavoz do Bloque —a que interveu na rolda anterior— que os orzamentos deste ano son neoliberais; o señor Caballero di que son unha emenda á totalidade porque son fundamente keynesianos; e a señora Rumbo en comisión e hoxe outra vez aquí dixo que eran continuístas —non sabemos se é continuísmo no neoliberalismo ou continuísmo no keynesianismo—, pero, certamente, uns orzamentos non poden ser á vez neoliberais e keynesianos. Isto é imposible. *(Aplausos.)*

A señora Pontón tamén insistiu na falla de ambición dos orzamentos, cando son os orzamentos que máis medran do conxunto das comunidades autónomas, como despois tamén volverei ou terei ocasión de dicir. E, ademais, pide axudas á alemá; é dicir, pide que un país que fixo unha xestión orzamentaria que lle dá marxe para ter agora capacidade de responder ás demandas dos sectores produtivos... Alemaña, cando impoñía esas normas ao conxunto da Unión Europea, tamén a España, era Hitler, era unha imposición neonazi; sen embargo, agora, que teñen capacidade de recuperación, son o exemplo a seguir, precisamente porque axustaron as súas contas ao contrario do que fixo España durante longo tempo.

Non son as únicas contradicións. O señor Caballero díxonos que o Goberno de Galicia cometera un erro, cando o único que fixo foi restrinxir aínda máis as limitacións sobre o número e a definición dos achegados, os grupos de dez ou as viaxes que se podían facer por España. Certamente, en Galicia fixemos máis restricións das que o Goberno de España fixou como marco xeral para o Nadal.

Señor Caballero, sabe perfectamente que hai autopistas que son de competencia estatal, como, por exemplo, a A-9, e outras de competencia autonómica, como, por exemplo, as que unen Carballo coa Coruña. Pero vostede o que non mencionou é que as autopistas de competencia autonómica este ano baixan as peaxes, e de momento a autopista de competencia do Estado, onde goberna o seu partido, sobe as peaxes. *(Aplausos.)* Entón, que veña vostede aquí dicir que a Xunta, que baixa as peaxes das súas autopistas, ten que tamén contribuír a baixar as peaxes de titularidade estatal, pois non deixa de ser unha forma un pouco estraña de ver as cousas.

Señora Pontón, insistiu moito, ademais, na palabra absolutismo. Eu creo que non hai contradición máis grande nunha cámara democrática —que, ademais, acaba de revalidar os seus resultados, é dicir, que o pobo acaba de elixir a quen quere que o represente— que chamar absolutista a unha cámara e a un debate orzamentario democrático. Claro que analizamos as emendas, e claro que dialogamos; este é un exercicio de diálogo, ademais, como o que lles gusta a vostedes, transparente e público. E o problema —polo que despois argumentarei— é que para que dous dialoguen ten que haber intención real de entendemento



polas dúas partes. É dicir, se se presentan emendas como as que nos presentou o Bloque, que, como en comisión se recoñeceu, se facían por ideoloxía e porque tiñan un modelo alternativo, pois é moi difícil atopar puntos de acordo.

Non fai falla, evidentemente, ademais, dar datos que non son correctos. O índice de Gini en Galicia mellorou con relación ao ano 2009. Que hai unha situación de risco evidente de que se incremente a desigualdade —e estamos loitando para iso, para que non se produza— é evidente tamén, pero o feito é que o Gini —o índice que mide a desigualdade— no ano 2009 era o 0,278 e no último dato que fixo público o IGE está no 0,265, que é inferior ao 0,278. Polo tanto, creo que todas estas cuestións deberían, polo menos, tratarse cun pouquiño de rigor.

E imos á política económica de fondo. É certo que un coñecido economista de Chicago —deses que vostedes chaman neoliberal, aínda que habería que matizalo, é un economista de oferta— dixo que «nas trincheiras todos somos keynesianos». Díxoo no momento da gran crise económica do ano 2008. Pero, para poñer esta cita en contexto, permítanme comezar con outra cita sobre como evoluciona a ciencia económica en xeral, algo que creo que os que temos algunha dedicación profesional á economía deberíamos de, por pudor académico, recoñecer, que é como evoluciona a propia ciencia económica. E voules ler unha cita de Robert Skidelsky, que é o mellor coñecedor da obra de Keynes, o autor das súas grandiosas biografías e que publicou tamén, coincidindo coa crise do 2008, unha actualización do pensamento keynesiano. O título do libro era *O regreso de Keynes*, precisamente porque xa entón se falaba moito da volta ao keynesianismo. O que di Skidelsky é: «A economía política oscila cara atrás e cara adiante arredor dun equilibrio newtoniano. A historia parécese máis a unha escaleira en espiral que a un péndulo. De todo se aprende, e unha das cousas que seguramente aprendemos ou voltamos aprender é que os gobernos poden fallar tanto como os mercados. Faise necesario unha nova síntese na que o Goberno sexa aceptado como non benévolo, pero que iso non implique que quede rehabilitado completamente o mecanismo do mercado».

Efectivamente, a ciencia económica avanza en espiral. Hoxe, ¿que estamos vendo? Estamos vendo políticas keynesianas de estímulo da demanda, pero tamén estamos vendo políticas neoclásicas de oferta. Cando vostedes nos din que hai que investir máis en I+D+i, iso é política de oferta e, polo tanto, neoclásica.

Nin sequera todo iso que sabemos —que vostede tamén sei que sabe— de que, precisamente, un problema que tivo o keynesianismo foi a falta de restricións normativas, que a Unión Europea resolveu a través da Constitución, fixando uns límites de xestión económica, iso é herdeiro de toda a economía neoinstitucional, de todo o institucionalismo económico na rama da economía constitucional, como sabemos que procede do pensamento de Buchanan e Bar-nett.

Polo tanto, estamos nun momento dunha síntese académica de pensamento que se traduce nas propostas de actuación que nos fan os organismos internacionais, que todas son: primeiro, manteñan vostedes a calidade de vida das persoas, non deixen que se lles fundan os negocios que serían viables no caso de que non houbera pandemia e asistan esas persoas. Segundo, adapten as empresas á nova realidade que vén. E terceiro, fagan reformas, gasten



en innovación, gasten en dixitalización e gasten en sostibilidade medioambiental. Bueno, pois iso é o que nos están dicindo nesa síntese —que eu entendía que un partido como o socialista, que se di algunhas veces socialdemócrata—, que é que o consenso socialdemócrata liberal e tamén demócratacristiano que hai en Europa máis ou menos estaría de acordo. E basicamente iso é o que está a facer Europa, que acaba de incrementar os fondos de axudas a España —por certo, cousa que pasou desapercibida— e acaba de darlle 11.000 millóns de euros máis, elevando a cifra que non hai que devolver —que xa son 81.000 millóns, e antes eran 70.000—. Evidentemente, o resto, precisamente, como consecuencia desa síntese de coñecemento científico que hai no ámbito económico, e as entregas que van vir despois desta primeira achega para resolver os problemas inmediatos van estar condicionados ás reformas.

Antes de falar de fondos, hai que saber primeiro se os imos ter, porque primeiro Europa ten que aceptar as reformas que lle propón o Goberno de España, que está moi dividido sobre o alcance destas reformas, polo menos en dúas cuestións importantes: sistema de pensións e mercado laboral. Entón, primeiro imos garantir que iso veña para España, e despois, evidentemente, haberá que xestionalo ben e facelo, evidentemente, tendo en conta as leccións do keynesianismo e a situación da moeda, nun momento en que moitos países escoitamos literalmente o voo do helicóptero de Friedman e, por suposto, cumprindo as regras que eviten que todo este gasto sexa inútil e nos meta nun lío moito peor.

Todo isto —perdoen o excurso— era para explicarlles que estas contas obedecen basicamente ao consenso internacional, construído coas aportacións de quen no mundo sabe máis de como xestionar a economía e ten analizado todas as crises anteriores e toda a capacidade de actuación a través da política fiscal, da política monetaria, etc. E, precisamente por iso, simplemente por iso, é unha boa noticia que teñamos estes orzamentos.

Estes orzamentos incrementan o gasto o 14 %, o 13,9 %, 1.800 millóns de euros. Somos «a Xunta dos recortes». Como acabo de dicir, quen fai crecer o orzamento o 14 % segue cos recortes... Ben, seguimos. Imos ao máximo endebedamento autorizado, o 1,1 do PIB, 685 millóns de euros. Usamos todos os instrumentos dispoñibles, os 685 millóns de euros de transferencias extraordinarias do Estado e os 400 millóns do React-Unión Europea; total, 1.800 millón de euros. E, ademais, asumimos a caída paralela na recadación, sobre todo nas transferencias que fai o Estado a través do sistema LOFCA, do 1,6. É evidente que isto non son nin recortes nin neoliberalismo.

O gasto, ademais, é eminentemente redistributivo, catro de cada cinco euros. Din que cada ano dicimos que se incrementa. Efectivamente, é que cada ano estamos incrementando o gasto social desde que superamos a crise e comezamos a ter máis recursos. E dei unha cifra en comisión: que a comparación real, os orzamentos do ano 2014, o total, todo o que gastaba a Xunta en investimento, en consumo, en persoal, en calquera partida, ascendía a 8.500 millóns. Hoxe só o gasto financeiro en servizos sociais é de 8.500; de 8.390 millóns en 2014 pasamos a 8.500 só de gasto social.

O gasto corrente sobe un 7 % e o gasto de capital sobe un 53 %, para sentar as bases do crecemento futuro. Aquí houbo unha discusión sobre a varianza do peso relativo da Consellería



de Sanidade. Dise que o orzamento, que sobe o 50 % de investimentos, sobe en sanidade menos, crece por baixo, un 11 % do que crece o conxunto do orzamento. Ben, isto é unha falacia, porque se o que máis crece son os investimentos, as consellerías menos investidoras, como Sanidade, que fai prestación de servizos con moito persoal —que crece, ademais, en número este ano de forma significativa—, certamente varía o peso; pero, varía o peso circunstancial.

É máis, o PSOE preséntanos unha emenda —e ademais publicitouse ultimamente— para gastar 100 millóns máis en sanidade, e de aí descontan 47 da propia Consellería de Sanidade; polo tanto, realmente o que piden son 70 millóns máis en sanidade.

Ben, se aplicamos a suba de 70 millóns de euros adicionais en sanidade á emenda á totalidade que vostede puxo, o gasto total de Galicia subiría o 15 % e o gasto da Consellería de Sanidade, o 13 %. Nós subimos o gasto total ao 13,9 % e o gasto en sanidade ao 11,6 %. Como ve, as proporcións son moi similares se vostede ten en conta que hai máis investimento que gasto corrente —nos orzamentos o incremento é, basicamente, investimento— e que a Consellería de Sanidade, loxicamente, non é unha das máis investidoras, senón que, basicamente, o que fai é prestar servizos a través do persoal sanitario.

Tamén se dixo de Sanidade que non se reverteran os recortes. No ano 2008 o presuposto que xestionaron vostedes, os dous grupos parlamentarios, era de 3.638 millóns de euros; o previsto para o 2021 son 4.582. Como porcentaxe do gasto non financeiro, pasamos do 36 % ao 39,6 % e, en relación ao PIB, pasamos do 6,2 % ao 7,1 %. En gasto per cápita, de 1.300 a 1.700 millóns de euros. De verdade, ¿onde están os recortes, porque non están?

Hai baixas de partidas de gasto sanitario, claro que as hai. No 2008 as receitas de primaria eran 856 millóns; previstos para o ano que vén son 750, e iso foi grazas a un dos acordos que tivemos co Bloque, aquel famoso catálogo de fármacos que potenciou o consumo dos xenéricos.

E os investimentos, que crecen un 50 %, multiplican por tres os do Estado. O Estado reduce ao 11 % o investimento en Galicia e a Xunta increméntao ao 53 %. En fin, non vou dicir nada do Goberno de España, porque, polo visto, aquí non se pode dicir nada do Goberno de España, pero poderase dar o dato de que os orzamentos do Estado baixan o investimento en Galicia o 11 % e a Xunta sóbeo o 53 %.

O crecemento dos orzamentos multiplica por sete o incremento que pedía a oposición nas súas emendas o ano pasado, antes da pandemia. E, se comparamos o crecemento dos orzamentos de Galicia co do das demais comunidades autónomas, vemos que Valencia os incrementa un 11 %; Baleares os baixa un 0,2 %, porque non incorpora os fondos europeos; o País Vasco, o 7,1 %; Canarias, o 5 %; Navarra, o 7 %; Asturias, o 10 %; e Cantabria o 6% . ¿E párecelles pouco o 13,9 %? E son neoliberais, uns orzamentos que son, de toda España, os que máis crecen, e que son os que máis crecen porque son os que máis poden crecer, porque tiñan unha base sólida e unha marxe de endebedamento que non tiñan as demais comunidades autónomas.



Porque iso é outra idea esencial: que estes orzamentos son mellores, que crecen máis que os das outras comunidades autónomas e que, polo tanto, son máis acaídos para a situación actual pola fortaleza que vén do pasado. E a mágoa é que España non sexa máis forte. Cando se piden axudas á alemá, resulta que Alemaña está, efectivamente, dando un 75 % da facturación e España, o Goberno de España, o único que fai é dicirlles aos que teñen alugado un local, se o propietario ten moitos locais, que poden deixar de pagar parte da renda. Esa é a axuda que lle dá o Goberno de España á hostalería. En Alemaña, o 75 % da facturación. Iso ten moito que ver coa situación previa e co cumprimento das regras fiscais que agora todos parecen esquecer e que pronto teremos que voltar afrontar.

En España só hai axuda á hostalería cando as comunidades autónomas como Galicia as están dando. Cando Galicia está dando 87 millóns de euros en xeral, cunha parte específica para a hostalería, autónomos e pequenos empresarios, pois está facendo o que se pode facer, porque hai recursos e porque houbo unha boa xestión.

O gasto corrente, ademais, está centrado no gasto social, que crece un 11,2; crece Sanidade, 400 millóns; Política Social, 120; Educación, 67; Emprego e Igualdade, 100.

Din que non hai nada específico para a pandemia máis que 500 millóns de fondo covid. ¡Claro que a sociedade pode estar tranquila! ¡Claro que non son papel mollado! Cando o señor Caballero di que estes orzamentos son papel mollado, porque en catro semanas cambiou a situación epidemiolóxica, o traizoa o inconsciente, porque creu a historia que lle escoitou ao seu presidente en Madrid de que o virus estaba derrotado. Estes orzamentos fixéronse sabendo que ía haber máis ondas de coronavirus. (*Aplausos.*) E, polo tanto, incorporan cousas como 500 millóns de euros para un fondo covid. O que vostede di é: eles pensaron como penso eu, que non ía haber máis coronavirus. En fin, a súa capacidade de predición sobre o coronavirus xa a vimos canda as eleccións.

Pero, en todo caso, estes orzamentos están plenamente vixentes, porque, evidentemente, están feitos na perspectiva de que, mentres non haxa vacina —que tamén haberá que pagar e poñer todos os trámites necesarios—, pois, evidentemente, habería que ter iso incluído nos orzamentos, como, efectivamente, así está.

Estamos cun documento coherente. Evidentemente, houbo e hai vontade de diálogo. ¿Que orzamento de calquera comunidade autónoma de España ten un fondo de 115 millóns de euros —que aí segue— pendente de que nos poñamos de acordo na Comisión de Reactivación para que a oposición poida determinar en que proxectos se gasta, neste caso, un 1 %? ¿Non? Pois dígame vostede algunha outra comunidade autónoma que teña esta intención de dialogar. Se non é coas forzas políticas, pois será a través do diálogo social, que aí si que hai diálogo. Pero, en fin...

Ademais, efectivamente, a capacidade de diálogo vén porque analizamos as emendas, e fíxemolo con bastante detalle. Eu sei o difícil que é para a oposición sacar cartos e facer emendas. E non quero facer demasiado sangue con esta cuestión, pero, evidentemente, hai emendas que o Bloque presenta sabendo que non as imos aceptar. Por exemplo, cando soben o salario dos empregados públicos o 3 %, cando saben que a normativa estatal marca o 0,9 %



e saben que non podemos subir porque a normativa estatal o impide, Evidentemente, pois non a podemos aceptar. O PSOE votoulles que si. ¡Alá eles! Aquí hai que seguir o que di Madrid menos de vez en cando, e aí podíase subir o salario o 3 %, cando estes orzamentos incorporan todas as subas pactadas máis o 0,9 % que autoriza o Estado.

O 90 % das emendas ao articulado que vostedes presentaron como grupos —¡o 90%!— son idénticas ás do ano 2019. O mundo cambiou, os orzamentos da Xunta crecen máis que ningún outro da historia recente e, sen embargo, o 90 % das emendas ao articulado seguen sendo as mesmas: o Bloque, 4 novas, 34 iguais; o PSOE, 8 novas, 65 idénticas.

Para algunhas hai argumentos, como o que acabo de dicir, de imposibilidade de diálogo económico, e tamén, evidentemente, algunhas de fondo calado ideolóxico, que con todo o dereito presenta o Bloque e para o que eu pido o mesmo dereito a ser comprensivo no seu rexeitamento. Vostedes, por exemplo, queren prohibir novos concertos educativos, ou queren eliminar as retribucións dos profesores de Relixión. Ben, ningunha das dúas cousas ten moito pase legal, pero é que, ademais, estamos convencidos de que, se é necesario, hai que recorrer a concertos educativos. Cremos que é necesario en moita menos cantidade ca vostedes, porque o reducimos con relación á época en que vostedes gobernaban. Pero, desde logo, tamén cremos que hai que cumprir a lei e que os nenos que queren estudar Relixión católica teñen dereito a ter un profesor de Relixión católica. Non podemos aceptar esas emendas.

En moitas outras xa os propios letrados dixeron que se admitían a trámite, pero que, de telas que aceptar, requirirían cambios importantes, como, por exemplo, moitos cambios da normativa estatal tributaria, cousa que non podemos facer. Outros cambios implicarían que sacarian partidas. Din: sácolle a transferencia que fai a consellería «x» ao ente instrumental «y», pero deixo igual os gastos do ente instrumental «y». Aí hai un buraco contable no ente instrumental que quebra, se se acepta esa emenda. Se vostedes sacan cartos dunha transferencia a un ente ou sociedade instrumental, teñen que dicir onde se recorta o gasto desa sociedade instrumental, pero non o fan. Así é moi difícil aceptar emendas.

En fin, pola falta de tempo, só vou mencionar unha que me fai moita graza. Como saben, esta Xunta rebaixou considerablemente o gasto do persoal de gabinete e persoal deste tipo con relación a cando gobernaban o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e sen sequera deflactar as cifras. O Bipartito tiña 11,5 millóns para altos cargos e 8,5 millóns para persoal eventual. A redución total nestas partidas é agora do 29 % nos primeiros —nos altos cargos— e do 17 % no persoal eventual. Vostedes queren reduci-lo aínda máis, pero o que eu me pregunto é: ¿por que queren reducir o 100 % do persoal eventual de Vicepresidencia? Debe ser que ven a Alfonso Rueda un home potente, que non necesita ningún apoio de gabinete, pero, en cambio, só lle sacan o 20 % a Emprego e Igualdade —debe de ser que a conselleira, como é nova, pensan que debe ter un pouco máis de axuda—, o 55 % á Secretaría Xeral de Medios e o 47 % a Política Social. En fin, nin sequera cando rebaixan cifras que non se poden rebaixar figuran de forma consecuenta.

Ou cando piden outras emendas. Por exemplo, din que non apoiamos a xuventude, pero o Bloque quere baixar as partidas para as melloras dos locais que ten a xuventude. En fin, non



quero facer sangue con isto, porque iso si que é certo que daría para moito.

Pero o que si é importante é falar minimamente de ingresos. Ninguén da oposición falou de ingresos hoxe, porque boa parte de todo o que vostedes están dicindo que hai que gastar vai con subas impositivas que son procíclicas; é dicir, toda Europa está baixando impostos, toda Europa: gobernos de esquerda, de coalición, algúns de coalición con partidos de moi á esquerda; todos baixan impostos. A Xunta non os baixa, fíase un pouco do que se chaman «estabilizadores automáticos», por exemplo, no imposto sobre a renda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e cos impostos. E vostedes o que fan é subilos, en contra de todo o que está a facer Europa, porque é procíclico subir os impostos, como vostede ben sabe.

E eses efectos económicos, ademais, afectarían fundamentalmente a quen padecería tributación, que, lonxe do que sempre din coa súa típica política retórica, non afecta os ricos, porque poñer impostos ás superficies comerciais, á rede de transporte —da que pagamos todos a luz—, ás bebidas con azucre..., todo iso, evidentemente, acabaría repercutindo nos consumidores, e non precisamente nos de máis renda.

En definitiva, creo que as súas emendas ou non son aceptables porque directamente non as podemos aceptar, ou van en dirección contraria ás políticas económicas recomendadas neste momento de recesión e pandemia. Van contra o sentido común e a evidencia académica, e ademais non melloran o texto, porque o texto, conselleiro, seguimos pensando que é o mellor para a actual situación de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, o Partido Popular segue sen querer ver a necesidade de fortalecer, mellorar e reconsiderar uns orzamentos que non están á altura do que os galegos e as galegas necesitan.

Preguntaba o señor Puy cal era a nosa consideración sobre eses orzamentos, sobre se eran keynesianos ou se tiñan un plantexamento de recorte. E eu si lle vou facer unhas certas aclaracións, porque, miren, vostedes teñen un plantexamento conservador, con tintes neoliberais, un plantexamento de recorte do público, que se ten que vestir cun traxe keynesiano



porque chegan uns fondos cos que vostedes non contaban e porque hai un novo paradigma ao que vostedes non se adaptan. E vostede, señor Puy, hoxe atreveuse aquí a citar a un Premio Nobel de Economía, Robert Lucas, que no ano 1995 recibía... ¿Que? (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, eu creo que nas trincheiras todos somos keynesianos, e é unha mostra de como vostede fai referencia a ese plantexamento no que Robert Lucas —ao que vostede non citou, pero ao que vostede fixo referencia— trasladaba que o problema da depresión estaba resolto —dicíao no 2003—. Robert Lucas, que é o seu modelo económico, (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) plantexaba, cando veu aquí a España que «era necesario dar un paso atrás en el Estado del bienestar». E aínda o ano pasado Robert Lucas dicía: «Hai cero probabilidades de que haya una recesión en Estados Unidos». Ese é o modelo neoliberal; é o modelo neoliberal que vostede hoxe trouxo aquí a esta tribuna, e amosou o subconsciente do que pensa a dereita do Partido Popular aquí en Galicia, que ten que poñer un traxe de gasto público, pero que alardea e fai referencia a ese planteamento de que nas trincheiras todos somos keynesianos para dicir que vostedes teñen que adaptarse tamén a un pensamento e a unha forma de facer política na que vostedes non cren, que é a do impulso do público, a defensa do Estado do benestar ou o rescate dos sectores máis afectados.

¿Como traen vostedes ese paradigma neoliberal aquí? Para xustificar uns orzamentos nos que hai máis gasto. Porque hai un Goberno progresista en España que, a través da súa negociación en Europa e a través dos orzamentos do Estado, vai posibilitar que os orzamentos da Xunta se incrementen en máis de 1.100 millóns de euros no 2021, non porque haxa unha boa xestión económica da Xunta de Galicia, non porque haxa unha capacidade de ter unha Xunta máis potente dende o Partido Popular, senón porque hai un goberno en España que quere protexer a xente ante a crise de maior calado e pon fondos para que as administracións autonómicas poidan protexer a xente. (*Aplausos.*)

Esa é a realidade, e iso lle quería dicir, señor Puy, porque vostedes poñen un traxe keynesiano con algo que non saben vestir, que non saben levar, que non saben programar. E traen uns orzamentos hoxe que non teñen proxecto, que non están adecuados ás dificultades do país. Vostedes onte puxéronlles o cadeado a milleiros de negocios da hostalería, do comercio, da cultura, do deporte, que van estar pechados totalmente ou en determinadas horas e xornadas polas medidas adoptadas dende o Goberno da Xunta, que, se son para protexer a saúde, teñen, dende logo, o noso asentimento e as asumimos... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, señora Prado, si. ¿Pero onde poñen vostedes unha resposta de defensa económica a eses sectores? ¿Onde está o Partido Popular a explicarlles hoxe a tantos milleiros de negocios que non saben como van facer estas próximas tres semanas? ¿Onde están os fondos para darlles axuda?

Ata agora debatíamos das cuestións dos sectores máis afectados, do rescate á hostalería; hoxe temos que poñer neste hemiciclo a urxencia do rescate, non soamente á hostalería, senón do rescate ao comercio do país, do rescate á cultura, do rescate ao deporte, onde hoxe teñen xa posto un cadeado. E a intervención do Partido Popular non arranxa. O Partido Popular en Galicia está superado pola crise, está superado, cos brazos cruzados, sen capacidade de acción. Entendo que o señor Puy nos diga que xa tiñan previsto que ía haber máis ondas. ¡Pero se o argumento foi que había que salvar o Nadal e, polo tanto, todo o planificaron en



función desa cuestión! ¿É que vostedes xa prevían esa onda que se ía dar e, polo tanto, non a plantexaron nos orzamentos nin en ningún lugar?

Estes son uns orzamentos sen proxecto, e vostedes prefiren parchear uns malos orzamentos, parchear unhas contas públicas que intentan axustar os niveis de gasto cos de ingresos, pero que non teñen proxecto para reactivar a economía. Fallou o diálogo, témosllo que dicir. ¿Onde estivo o diálogo e a proposta de acordo do Partido Popular ao longo de todo este tempo? ¿Como é que vostedes rexeitaron as 570 emendas de gastos do Partido Socialista? ¿Non había nin unha soa válida? ¿É que cando propuxemos incrementar o gasto en persoal da sanidade non serve? ¿É que cando propuxemos 62 millóns máis para a hostalería non serve? ¿É que cando poñemos 100 millóns de euros máis para os concellos non serve?

Eu si lle digo, señor Puy, que as emendas do Partido Socialista son emendas realizables, porque nós cadramos os orzamentos, pero temos proxecto de país. (*Aplausos.*) E sabemos o que queremos facer para rescatar o noso país: non escribimos contas como contos, facemos contas con modelo, con proxecto, con compromiso, o que vostedes non fan.

Vostede, señor Puy, plantexa que cales son as emendas que temos que levar adiante. Pois eu quérolle dicir que hai moitos eidos que son mellorables. Miren vostedes, en medio ambiente vostedes teñen un ecopostureo. Por exemplo, no ano 2009 orzábanse en Galicia 295 millóns de euros en proxectos para o medio ambiente e agora redúcenos a 200 millóns. E se falamos das partidas de xuventude ou de fixación da poboación no rural, reducen os termos desas partidas nos orzamentos máis expansivos. Non teñen compromiso orzamentario coa mocidade, recortan os fondos aos concellos. Vostedes non teñen unha prioridade, porque se atoparon cunha cantidade de fondos que non saben xestionar. Non teñen previsión de como utilizalos para relanzar a economía do país. E os galegos e galegas están vendo como están abandonados por esa política do parcheo do Partido Popular en vez de pola política de facer que o traxe keynesiano permita salvar a xente, protexer as persoas, fortalecer o Estado do benestar.

Hoxe estes orzamentos son unha oportunidade perdida, unha oportunidade perdida na que o rodillo do Partido Popular non trae unha situación mellor. E vostedes tiñan que rectificalos. Miren, cambien a forma de afrontar esta crise, reconsideren os orzamentos, leven adiante un fortalecemento do Estado do benestar, rescaten os sectores afectados, coordinen a reactivación para xerar emprego. Porque o emprego é o maior suspenso dos gobernos do Partido Popular en once anos de Alberto Núñez Feijóo.

Señor Puy, Galicia non está en mellor situación de emprego que o resto de España. Galicia non está en mellor situación que outras comunidades. Vostedes enganán con ese discurso. Porque o día en que en Galicia soamente haxa xubilados vostedes dirán que non hai ningún desempleado. Pero o que non hai é xente no país que poida traballar. (*Aplausos.*) E co seu balance estarán aplaudindo ese modelo.

É que hai que xerar emprego. E con estes orzamentos a min gustaríame que nos expliquen onde está o proxecto industrial para desenvolver Ferrolterra, onde está o proxecto de Medio Rural para acompañar a Galicia interior, onde está o proxecto para rexenerar as rías de Ga-



licia e permitir convertelas nun factor de desenvolvemento, onde está a aposta polos servizos públicos, por incrementar o persoal na sanidade pública, por mellorar o sistema de rastrexo, por poñer ao día un plan de vacinación. Seguen sen explicar o que pasou coas duascenas vacinas irregularmente colocadas en Pontevedra —ou comparece xa o conselleiro de Sanidade ou terá que asumir responsabilidades, como ocorreu noutros lugares de España, polas trampas das vacinacións deste momento—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, xa sei que á señora Prado todo lle parece normal. Á señora Prado parécelle normal que en Pontevedra colocasen duascenas vacinas de forma irregular. Ela si pode dudar de que non cheguen vacinas a España pero eles poden colocar as vacinas a quen queren e non explicalo. (*Aplausos.*) Ese é o modelo PP, o de Casado, o de Tellado, o de Feijóo, o de Prado..., (*Aplausos.*) non o modelo que queremos de igualdade para todos. (*Fortes murmurios.*)

¡Pero poñan os conselleiros a funcionar! (*Fortes murmurios.*)

Xa sei que se poñen nerviosos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CABALLERO MIGUEZ: Xa non está agora a conselleira de Infraestruturas aquí porque escoitou que o Goberno de España vai poñer 62 millóns de euros para rebaixar a peaxe da AP-9. E é que, cando pagamos a peaxe, vemos a cara de Aznar e de Feijóo, que a prorrogaron ata o 2048. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Onde está a conselleira? ¿Saíu xa anunciar que nos orzamentos da Xunta vai poñer unha partida para conseguir reducir as peaxes da AP-9? (*Murmurios.*) Eu entendo que a incomodidade de escoitar a realidade poña nervioso o Partido Popular. (*Fortes murmurios.*) ¡Pero, señores do PP, Galicia é moito máis que o PP! (*Aplausos.*) E temos que falar cos galegos e galegas, porque as maiorías absolutas dan a posibilidade de goberno a Feijóo e a tantos gobernantes —dende Trump a tantos dirixentes— pero non dan a razón. ¡Non dan a razón! (*Fortes murmurios.*) ¡Baixen do pedestal, señores, baixen do pedestal! (*Fortes murmurios.*)

Eu xa sei que ao PP isto o pon moi nervioso e que lle ferve o sangue cando escoitan as realidades. Pero hai que poñerse con tranquilidade. Estean vostedes con tranquilidade e fagan uns bos orzamentos. Díganlles hoxe a eses milleiros de comercios que van pechar, aos milleiros de hostaleiros que xa non están traballando, aos milleiros de traballadores do deporte e da cultura, as axudas que lles van dar xa. Porque van estar pechados esta fin de semana e non teñen un euro para poder resistir con estes orzamentos expansivos que os teñen olvidados. (*Aplausos.*) ¡Déixense de contos e fagan unhas boas contas! (*Aplausos.*)

Así que, señoras e señores do Partido Popular, nós imos votar aqueles plantexamentos que permiten facer uns orzamentos á disposición dos galegos e das galegas para protexer o país ante a crise de maior envergadura.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E queremos pedir que, ademais de non admitir ningunha das 570 emendas de gasto do Partido Socialista, baixen do pedestal e abandonen o rodillo,



porque esta crise vai ser durísima para todos. E o éxito do Goberno de Galicia é o éxito para todos os galegos e galegas. Nós temos un plantexamento distinto, progresista, de apoio do público, de loita contra a desigualdade, de rescate do tecido produtivo máis afectado, de reactivación da ciencia, da innovación, da modernización... E esperamos que vostedes sexan permeables para mellorar todo aquilo que non fan ben.

En todo caso, teñan vostedes a confianza e a seguridade de que contarán en todas as medidas de restricións coa lealdade do Partido Socialista de Galicia, pero tamén coa esperanza...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...de que, cuns orzamentos que están baleiros, o país poida resistir que os parcheen e que os cambien nas partidas que xa non valen —algunhas de promoción do Xacobeo inmediatas que non son viables—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e que posibiliten que esta crise teña unha resposta colectiva.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Seguirán contando coa man tendida do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, pois moi bo día de novo.

A verdade é que a intervención do señor Puy, no fondo, sen quererlo, é o mellor exemplo do difícil que é defender estes orzamentos. E digo isto porque, claro, ten que ir á teoría política, ás citas, citas e citas, porque é moito mellor falar da teoría que do concreto, que son os problemas reais que teñen estes orzamentos á hora de poder afrontar a situación. (*Aplausos.*) Creo que é a maior mostra de debilidade.

En todo caso, si que creou aquí vostede unha nova teoría. Non sei se con isto da «nova normalidade» pois tamén agora temos unha nova normalidade na que o normal no Parlamento, no debate orzamentario, é que non se aprobe nin unha soa emenda. ¡Esa é a normalidade do PP! (*Aplausos.*) Logo, claro, critica ou parécelle mal que eu fale dun enfoque absolutista. Pois, si, vostedes están utilizando a súa maioría absoluta con tintes absolutistas. Porque non queren dialogar, non queren acordar, non aceptan nada que non veña do Partido Popular. É que están, si, na súa burbulla de comodidade.



Pero o grave é que este discurso que teñen aquí non son capaces de mantelo na rúa. Porque vostede non pode ir xunto dun hostaleiro ou dunha hostaleira que leva durante todo o ano pasado cunha situación crítica e que o que ve é que Galiza foi das últimas comunidades en poñer en marcha axudas directas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, señor Rueda, cando outras comunidades van pola segunda liña de axudas directas aquí seguimos vendo que o único que vostedes puxeron sobre a mesa para o sector da hostalaría con axudas específicas é unha orde de 22 millóns de euros, moi por debaixo do que puxeron outras comunidades autónomas. Esa é a realidade, señor Rueda, póñase vostede como se poña.

E como vostedes non dialogan, pois ao que veñen aquí é única e exclusivamente a parape-tarse, efectivamente, e a dicirnos que estes orzamentos son os únicos orzamentos posibles. E non é certo. Hai outra maneira de poder enfocar os orzamentos e nós lamentamos que non teñan disposición para dialogar nin acordar nada no medio dunha crise e dunha pandemia que leva a unha situación que é realmente preocupante.

E, claro, aquí volven logo tamén ás vellas teorías. Agora estamos na teoría de que os recortes non existiron. Díciános o PP: ¿Onde están os recortes? Pois eu voullo dicir. Mire, houbo 2.000 millóns de euros de recorte acumulado en atención primaria, 1.700 en emprego, 1.700 en educación... E podemos seguir así con partidas importantísimas, desde as políticas de vi-venda até as políticas de normalización lingüística. En todos os ámbitos durante estes doce anos houbo recortes importantes que deterioraron os servizos públicos. E o máis grave é que deterioraron a sanidade e que hoxe temos os profesionais exhaustos no medio dunha pan-demia. Polo tanto, non neguen a realidade e empecen —eu creo— a traballar cun pouco máis de realismo.

Porque é certo que a economía galega cae menos que a media do Estado. Ben, pero ¿cal é o problema que temos —e estano dicindo os propios expertos—? É que despois tamén a re-cuperación é máis lenta. E o grave é que, cando analizamos como saímos da anterior crise, o que vemos é que saímos con menos emprego, con máis desigualdade e cun país que ten problemas de desigualdade territorial e social grandísimos. E, en vez de querer actuar, vos-tedes o que nos din é que todo está ben. Non lles preocupa que siga emigrando a xente, non lles preocupa que teñamos problemas en ámbitos estratéxicos, porque o certo é que non poñen solucións.

Con todo, o señor Puy, para min, dixo dúas cousas que son as máis graves. A primeira é que vostedes xa sabían que viña a terceira onda. Sabían que viña unha terceira onda que ía ser gravísima e non fixeron nada para evitalo. O seu plantexamento foi salvar o Nadal, e xa vemos a onde nos conduciu. Tardaron vinte e cinco días en tomar medidas cando levabamos durante as últimas semanas con máis de mil contaxios diarios. (*Aplausos.*) ¡Isto é unha irres-ponsabilidade! (*Aplausos.*) Porque un goberno, se sabe que vai pasar iso, anticipábase e evita que esteamos nesta situación.

A segunda é que recoñece que estes van ser os únicos orzamentos expansivos e que despois de 2021 virán os recortes. E nós queremos que nos digan onde van recortar e, sobre todo, se van facer algo para que ese non sexa o escenario no que traballemos os galegos e as galegas no futuro. Porque hai capacidade para que ese non sexa o escenario; por exemplo, poñendo



sobre a mesa un novo modelo de financiamento que realmente financie as necesidades que ten o noso país. Porque quero lembrarllas que o que temos na actualidade, este sistema de financiamento que asinou o señor Feijóo, é un sistema discriminatorio para o noso país. Estámo-lo vendo con estes orzamentos, pois, nun momento no que o Estado ten un récord de financiamento, pola vía que temos do sistema ordinario é menor que o ano anterior. Polo tanto, temos un problema. E o grave é que este sistema de financiamento leva seis anos caducado e vostedes nin presentaron unha proposta aquí nin reclamaron en Madrid un novo sistema de financiamento. *(Aplausos.)* Polo tanto, actúen nese ámbito. *(Aplausos.)*

E actúen tamén para que teñamos unha fiscalidade máis xusta. Porque é que é curioso como se deostan algunhas propostas, e xusto, ademais, agora —que eu creo que é un erro brutal—. ¿Por que están vostedes en contra de que poidamos poñer en marcha un imposto que grave as grandes superficies para apoiar o pequeno comercio? Xusto agora, no medio desta crise, era cando máis importantes eran este tipo de medidas. Non, non, vostedes o que fan é decretar peches encubertos sen axudas para eses sectores e tampouco queren utilizar a capacidade —reducida pero que existe— do noso autogoberno para que teñamos máis recursos ao servizo do noso país.

Vostedes terán que explicarnos esa contradición e, desde logo, terán que explicarnos tamén onde queren recortar. Porque o señor Puy o que non nos di é se el está de acordo con recortar as pensións. ¿O seu modelo é recortar as pensións? *(Pronúncianse palabras que no se perciben.)* Si, si, terá que dicilo, porque vostede insinúa, actúa e di que ten que haber recortes. ¿O Partido Popular vai defender máis recortes nas pensións dos galegos e das galegas? Xa lle digo que o BNG non. *(Aplausos.)* Terannos enfronte, porque o que se necesita é reforzar as pensións galegas, que son as segundas máis baixas do Estado.

En todo caso, eu o que lamento é que, chegados a este punto, vexamos que, no medio da maior crise económica dos últimos anos —na que temos unha situación preocupante desde o punto de vista sanitario, preocupante desde o punto de vista social e preocupante desde o punto de vista económico—, a resposta do PP sexa que non ten nada que negociar nin nada que acordar neste Parlamento. E vai votar «non» a máis recursos para a sanidade pública; vai votar «non» a que teñamos un plan de continxencia que nos permita que, mentres teñamos esta pandemia, haxa medios suficientes para atender outras necesidades sanitarias; vai votar «non» a que poñamos sobre a mesa 80 millóns de euros para un rescate dos sectores que neste momento están afectados polas restricións; vai votar «non» a un novo modelo de coidados; vai votar «non», en definitiva, a todas e cada unha das propostas que presentamos desde a oposición.

Desde logo, lamento que esta sexa a concepción que teñen vostedes da democracia. Lamento que esta sexa a concepción que teñen vostedes do diálogo, e que empecemos unha lexislatura —nun momento, ademais, no que a sociedade está pedindo que escoitemos a situación tan difícil que ten— cun goberno que, efectivamente, actúa co piloto automático do absolutismo e que pasa de novo o rodillo neste Parlamento, sen marxe para o diálogo e para o acordo. Creo que é unha pena, sobre todo para Galiza e para a xente que espera algo máis da política nun momento tan grave como o actual.



En todo caso, a vontade do BNG é seguir arrimando o ombro para que este país saia adiante. Laméntoo de verdade, porque me parece que é unha mala maneira de empezar este período de sesións que a resposta do PP sexa votar 505 veces «non» a todas e a cada unha das propostas do BNG. Laméntoo de verdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que se houbera un observador curioso e neutral observándonos diría que as oposicións nesta Cámara seguen, cada unha, un modelo distinto. O señor Caballero non escoita e di o que tiña pensado dicir diga o que diga o que interveu antes ca el. E a señora Pontón o que fai é dicir que o que falou antes ca ela dixo o que non dixo. Polo tanto, iso fai moi difícil o debate e a discusión.

O señor Caballero non me prestou atención, porque, xa para empezar, non falei de Robert Lucas, falei de Robert Barro. Vostede sabe perfectamente que Robert Barro é un macroeconomista importante que fixo aportacións sobre a información asimétrica, sobre os ciclos, sobre o crecemento económico na síntese neoclásico-keynesiana... Polo tanto, non falei de Robert Lucas. Vostede insistiu en que foi quen dixo a frase que eu citei de Robert Barro.

E, igual que non escoitou ben a quen citaba, se me atendese ben vería que o meu discurso era explicar —aí fun demasiado optimista— outro académico da economía e que estes orzamentos se axustan perfectamente ao gran consenso internacional sobre o que hai que facer coas contas públicas: destinar gastos para soste a economía e ir preparando a economía para os cambios que veñen, fundamentalmente no ámbito da dixitalización, da conservación do medio ambiente e tamén no sostemento e mellora da eficiencia dos servizos públicos.

Ben, este é un consenso europeo, é un consenso que nós compartimos e que pensei que vostedes tamén compartían. Pero, certamente, vostede veu aquí outra vez dicir o que non é e que as propias cifras desmenten. Estamos axustando o gasto ao máximo que o seu goberno nos autoriza en termos de déficit, en termos de uso dos recursos que Madrid —o Estado— remite á Comunidade Autónoma. ¿Como pode dicir vostede que somos neoliberais cando estamos indo polo gasto que vostedes nos dan, que vostedes nos condicionan? E tampouco é que o decidan vostedes, xa que é o de Europa. E ogallá sexa sempre o de Europa cando se empecen a repartir os fondos. Dese tema teremos que falar no futuro con bastante extensión, non vaia ser que queiramos gastar máis —chámelle vostede keynesiano ou como queira— e resulte que sexa Madrid o que nos recorte a capacidade de gasto distribuindo os fondos europeos como parece que os empeza a distribuír. Polo tanto, non faga o de non escoitar, porque xa lle digo que non é así.



Fala de contas e contos. Mire, hai un órgano que decide cando as contas son verosímiles ou non o son, que se chama AIREF. É un organismo independente e supoño que vostede compartirá que é un organismo ao que hai que prestarlle atención. A AIREF dixo que as contas do Estado non eran cribles —as súas— e dixo que as contas da Xunta, que estamos hoxe aprobando, si eran cribles porque o escenario macroeconómico estaba ben definido. Entón, vostede di que isto son contos —cando os contos están alí— e aquí o que hai son contas, porque a propia AIREF di que son contas ben feitas. Pero ben, ¿que quere que lle diga? (*Aplausos.*)

Ao falar de Ferrol, vostede botou en falta un plan de recuperación de Ferrol. Eu o que boto en falta é un plan que pare o plan de destrución de Ferrol que teñen algúns, porque están pechando As Pontes, porque están pechando Gamesa e porque non lles dan carga de traballo aos estaleiros de Ferrol. Ese si que é un plan de desindustrialización, e ese é o que temos que parar. (*Aplausos.*) ¡Home, por favor!, que veña vostede aquí a botarlle a culpa á Xunta do que pasa en Ferrol, cando todas as empresas están marchando ou están faltándolles investimentos por outras razóns —como vostede ben sabe— que teñen máis que ver co Goberno de España que con ningún outro, non deixa de ser..., en fin...

A señora Pontón di que dixen cousas que non dixen. Para empezar, fala de que a Xunta non ten un modelo económico. Eu explícolle o modelo económico —desculpen se con certa pendería e citas académicas— e resulta que agora o problema é que non baixo ao concreto. Ben, entón hai un modelo económico, e, se quere, baixamos ao concreto enseguida.

Desde logo, podemos ir á rúa. O señor vicepresidente do Goberno está reuníndose todos os días cos representantes do sector da hostalaría. Ademais, hai que felicitalo porque puxo en marcha axudas á hostalaría —máis ou menos ao redor dos 40 millóns de euros xa cobrados—, que son probablemente das máis altas, se non son as máis altas, de España. ¡Axudas directas, axudas directas á hostalaría! (*Aplausos.*) Polo tanto, o que non vale é andar todo o día dicindo que hai que pechalo todo, que estea todo o mundo confinado, e despois dicir que este Goberno, cando pecha, non toma medidas. Tamén hai que ser niso un pouco congruente e dicir aquí o mesmo que se di na rúa. Iso si que todos deberíamos de facelo.

Di que dixen que sabía que viña unha terceira onda. ¡Vamos ver!, eu escoito máis xente que o señor Simón, que hai dez días dicía que o virus inglés non ía ser máis que anecdótico en España e onte ou antonte dixo que ía ser dominante en pouco tempo. Calquera que lea un pouco e fale con algún científico, ou lea simplemente os informes que os técnicos nos mandaron cando houbo que decidir a data das eleccións, sabe que estas ondas, ata que haxa unha vacina e esteamos todos protexidos, son constantes. Había tres modelos: que a onda seguinte fose máis baixa, que houbese unha sucesión de ondas semellantes e outro —que, por certo, foi o da gripe española— que dicía que a primeira onda sería dura pero que a segunda ía ser peor.

Polo tanto, este Goberno —desde o primeiro momento asesorado por científicos cuxos nomes se coñecen e que se reúnen todas as semanas polo menos dúas veces— claro que sabía que podía vir unha segunda onda, unha terceira onda e que pode vir unha cuarta onda. Entón, vostede di que eu tiña coñecemento de que viña unha terceira onda. Ben, eu teño o coñecemento que ten todo o mundo que se asesora con quen sabe disto, porque ata que esteamos todos vacinados, evidentemente, vai seguir habendo ondas.



Evidentemente tamén dixo que eu estou a favor de rebaixar as pensións. Non, o meu partido sempre estivo a favor da sostibilidade do sistema público de pensións a través do Pacto de Toledo. Non teña dúbida sobre iso.

E sobre o financiamento autonómico o meu partido sempre defendeu o mesmo: que se financien os gastos públicos en función do custo efectivo da prestación deses servizos públicos en cada parte do territorio. O que nunca defendemos foi un cupo, un cupo co que, co desmoronamento que ten o PIB das comunidades autónomas, entón Galicia si que ía ter problemas para financiar o gasto público se non chega a ser pola axuda europea e polo sistema de financiamento, que, sen ser óptimo, certamente tamén contribúe á redistribución.

Di que imos votar que non ás súas emendas. Ben, crin que estes argumentos puerís só os utilizaba o PSOE en Madrid. Vostedes van votar que non a todo: van votar que non á suba do 0,9 % aos funcionarios, van votar que non ao gasto extra de 1.500 millóns, van votar que non ao Fondo Covid de cincocentos millóns... En fin, este é o debate político e eu prefiro non entrar neste tipo de detalles.

Ao final, señorías, hoxe imos aprobar o orzamento máis alto da historia de Galicia, con 11.563 millóns de euros. Medra un 14 %. En ningunha outra comunidade autónoma medra tanto. Temos o maior gasto social e o maior nivel de investimento da nosa historia. Temos uns orzamentos claramente centrados en tres obxectivos moi definidos: para a recuperación económica, para axudar as familias e as empresas para que aguanten o tirón da pandemia ata que esta sexa pasado e para poñer as bases para resolver os retos do futuro —a dixitalización, o medio ambiente, etc.— na liña do que marca a Unión Europea.

Temos uns orzamentos —que hoxe imos aprobar— prudentes e realistas, moi lonxe da improvisación e da falta de fundamento económico que, como a AIREF dixo, teñen outros orzamentos, como os do Estado. Están sostidos con ingresos excepcionais de 1.800 millóns grazas ás transferencias excepcionais do Estado dos fondos europeos e a que incrementamos o déficit público nas marxes que nos autorizan. Recórrese a un endebedamento responsable. Os xuros baixan, por primeira vez en vinte e cinco anos, de 100 millóns de euros, e, ademais, é un endebedamento que leva a que cada galego deba hoxe 2.000 euros menos per cápita que a media de calquera outro español. Ademais, non soben os impostos, en liña coas recomendacións das autoridades monetarias económicas internacionais e comunitarias. Non os soben nin ás persoas nin ás empresas e, ademais, introducen aforros de 472 millóns de euros a través de deducións de carácter marcadamente social. Mantemos as rebaixas fiscais no IRPF, no imposto de sucesións, na estratexia de «impostos cero no rural», e damos incentivos á natalidade dos máis altos de España.

Son tamén uns orzamentos responsables, que conxelan o salario do Goberno pero que manteñen a suba e os compromisos cos acordos retributivos sectoriais dos empregados públicos. E contan con novos instrumentos. Din que son continuístas pero hai un Fondo Covid de 500 millóns, incorpóranse 430 millóns dos fondos REACT-UE, hai 115 millóns dun fondo de consenso —e seguen dicindo que non queremos dialogar—, hai un fondo para infraestruturas sanitarias de 105 millóns e, ademais, blíndanse estes recursos para toda a lexislatura.



Son uns orzamentos sociais —catro de cada cinco euros van a sanidade, educación, política social e emprego— e son uns orzamentos en liña co futuro e coas reformas que imos acometer xuntos e da man co resto das comunidades autónomas e dos países da Unión Europea. Hoxe, máis ca nunca, vese o acerto dos que estivemos sempre a favor da Unión Europea e non de quen estivo nalgunhas ou en moitas ocasións en contra.

Pero, evidentemente, quedan moitos retos de futuro. Insisto, sobre os fondos hai incertezas sobre a repartición e temos que acertar coa elección de proxectos. E hai moitas transformacións por diante —a dixitalización, a medioambiental, o sector público...— e hai que promover proxectos produtivos para o novo mercado, para o novo mundo.

Contamos, certamente, co apoio das institucións europeas, esperemos que tamén co Goberno de España e, sobre todo, co apoio do pobo de Galicia, que con estes orzamentos non me cabe a menor dúbida de que contará cunha panca máis para superar esta crise tremenda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(O señor Caballero Miguez pide a palabra.)

Si, señor Caballero, ¿para que quere a palabra?

O señor CABALLERO MIGUEZ: Por unha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: ¿Por unha inexactitude súa? ¿Para corrixila? *(Murmurios.)*

O señor CABALLERO MIGUEZ: ¿Podo facela?

O señor PRESIDENTE: Se é por unha inexactitude súa, si. Se é para iso, ten vostede a palabra.

O señor CABALLERO MIGUEZ: É simplemente para corrixir unha inexactitude do portavoz do Grupo do Partido Popular... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, entón non, señor Caballero. Ten vostede a palabra se é para corrixir unha inexactitude súa. Se non estivo no debate, iso corríxese con outro debate. Grazas. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, grazas, señor Caballero, grazas. Non ten vostede a palabra. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Caballero, non ten vostede a palabra, non. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non o están escoitando, non ten vostede a palabra. Terminou. Non o están escoitando. Non ten vostede a palabra. Señor Caballero, non o quero chamar á orde, por favor. Terminou. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non entendemos nada, pero é igual. *(Risos e murmurios.)* Non ten a palabra.



Ben, imos votar.

Votacións do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

O señor PRESIDENTE: Comezamos. Prégolles atención porque esta é unha votación que, como vostedes saben, ten a súa complexidade. E entón imos tratar de ver se o podemos solucionar no menor tempo posible.

Votación das emendas ao articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando, de xeito conxunto, as emendas de cada grupo parlamentario ao articulado.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (emendas núms. 1, 3 á 18; 20 á 24; 26 á 28; 31 á 58 e 60 á 72)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (emendas núms. 1 á 31 e 33 á 38)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación conxunta das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Agora continuamos coa votación, de xeito conxunto, das emendas de cada un dos grupos ás seccións e ás entidades públicas instrumentais.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, respecto das que hai peticións por separado. En concreto, o Grupo Parlamentario Socialista pide que se vote por separado a emenda número 76, á Sección 07 (Consellería de Facenda e Administración Pública).

Votamos, polo tanto, esta emenda.

Votación da emenda número 76, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á Sección 07 (Consellería de Facenda e Administración Pública).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas números 253 á 255, 257, 258, 260 á 263, 265 á 283, 287 á 294, 297 á 305, 307 á 309, 317, 318, 326, 327, 344 e 352 —todas elas do Servizo Galego de Saúde—.

Votación das emendas núms. 253 á 255, 257, 258, 260 á 263, 265 á 283, 287 á 294, 297 á 305, 307 á 309, 317, 318, 326, 327, 344 e 352, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas 354, 355 e 357 á Sección 13 (Consellería de Política Social)

Votación das emendas 354, 355 e 357, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á Sección 13 (Consellería de Política Social)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas números 159 á 245 da Sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade).



Votación das emendas núms. 159 á 245, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á Sección 10 (Concellería de Cultura, Educación e Universidade).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

¿Si, señor Álvarez?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: *Pedimos a votación separada das emendas pendentes do Servizo Galego de Saúde.*

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: *A votación separada das emendas pendentes do Servizo Galego de Saúde.*

O señor PRESIDENTE: *Pero xa as votamos. (Pausa.)*

Entendín. Agora entendín. Agora correspondería votar o resto de emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e vostede quere separar as emendas do Servizo Galego de Saúde.

Votamos, polo tanto, as emendas pendentes do Servizo Galego de Saúde en primeiro lugar.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Servizo Galego de Saúde agás as xa votadas previamente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *E votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e entidades públicas instrumentais agás as votadas previamente por separado.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas se é o caso

O señor PRESIDENTE: Agora sometemos á votación o texto articulado do ditame da Comisión coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 coas emendas incorporadas, se é o caso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas se é o caso.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coas votacións.

Agora corresponde votar conxuntamente os orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais. Pediron ambos grupos, tanto o Grupo Parlamentario do PSOE como o Grupo Parlamentario do BNG, separar as seccións, en concreto, do Parlamento de Galicia, do Consello de Contas, do Consello da Cultura e do Consello Consultivo de Galicia. ¿Estamos de acordo? (Afirmación.)

Votación conxunta dos orzamentos das seccións 01, 02, 03 e 20 (Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, de xeito separado, os orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e o Consello de Relacións Laborais.

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello de Relacións Laborais.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas entidades.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos conxuntamente tamén os orzamentos das restantes seccións e entidades públicas instrumentais.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas aceptadas, se é o caso, agás os das seccións e entidades votados por separado previamente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións e entidades.

O señor PRESIDENTE: E realizada, polo tanto, esta votación, quedan aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pechamos esta sesión e continuamos.



Remata a sesión á unha e cincuenta e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

